



EXCMO. CONCELLO
DA
ESTRADA
(PONTEVEDRA)

**ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLO PLENO DESTE CONCELLO O 7 DE
XUÑO DE 2012**

LUGAR: CASA CONSISTORIAL DO EXCMO. CONCELLO DA ESTRADA

TIPO DE SESIÓN: ORDINARIA CONVOCATORIA: PRIMEIRA

SEÑORES/AS ASISTENTES:

GRUPO P.P.

D. JOSÉ CARLOS LÓPEZ CAMPOS

Alcalde-Presidente

D. ALBERTO MANUEL BLANCO CARRACEDO

Concelleiro

DNA. AMALIA GOLDAR CORA

Concelleira

D. MIGUEL OSCAR RANCAÑO BRAÑANOVA

Concelleiro

D. MARÍA ÁNGELES PAIS CARBIA

Concelleira

D. JUAN MANUEL CONSTENLA CARBÓN

Concelleiro

D. JOSÉ ISMAEL PENA VILLAMOR

Concelleiro

DNA. MARÍA DEL CARMEN DURÁN LEA

Concelleira

D. NEMESIO IGNACIO REY PAZOS

Concelleiro

DNA. LUCÍA SEOANE ROSENDE

Concelleira

D. OSCAR ALEJANDRO DURÁN BARROS

Concelleiro

GRUPO PSdeG-PSOE

D. JOSÉ ANTONIO DONO LÓPEZ

Concelleiro

DNA. BELÉN LOUZAO VIEITES

Concelleira

D. MANUEL OTERO ESPÍÑO

Concelleiro

D. MANUEL SANMARTÍN OBELLEIRO

Concelleiro

DNA. M^a MONTSERRAT MACEIRAS VICENTE

Concelleira

D. MANUEL PARADELA ABELLEIRA
Concelleiro
DNA. ANA ASOREY BREA
Concelleira
D. JOSÉ LUIS PICAÑO RIVEIRA
Concelleiro
D. GERMÁN GONZÁLEZ RODRÍGUEZ
Concelleiro

GRUPO do BNG:

D. XOSÉ MAGARIÑOS MACEIRAS
Concelleiro

SECRETARIO

D. JOSÉ NAVEIRA GONZÁLEZ

FALTA: D. GERMÁN GONZÁLEZ RODRÍGUEZ, Concelleiro de PSdeG-PSOE

Na Casa do Concello, sendo as vinte horas e trinta e catro minutos do día sete de xuño de dous mil doce, baixo a presidencia do Sr. Alcalde D. José C. López Campos, reúnese no Salón de Sesiós o Pleno da Corporación Municipal, co obxecto de celebrar sesión ordinaria, constituíndose coa asistencia dos Señores arriba nomeados, dando fe do acto o Secretario.

A sesión celébrase previa convocatoria ao efecto dándose publicidade da mesma mediante a inserción dun exemplar da convocatoria e Orde do Día no Taboleiro de Anuncios e páxina web deste Concello.

Declarada aberta a sesión, polo Sr. Alcalde dáse comezo á mesma conforme á seguinte:

ORDE DO DÍA

A) PARTE RESOLUTORIA

1º.-APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN PLENARIA CELEBRADA O 3 DE MAIO DE 2012.

2º.-APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO DITAME DA COMISIÓN DE ORGANIZACIÓN, PERSOAL E ASUNTOS XERAIS RELATIVO Á REFORMA DA PLANTA XUDICIAL

3º.-APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO DITAME DA COMISIÓN DE ORGANIZACIÓN, PERSOAL E ASUNTOS XERAIS RELATIVO ÓS GASTOS DE MANTEMENTO DE COLEXIOS E CENTROS DE SAÚDE

4º.-APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA PROPOSICIÓN DE ALCALDÍA RELATIVA Á ACTUACIÓN DE AMPLIACIÓN DO VIAL DE ACCESO Ó POLÍGONO DE TOEDO A EFECTOS DA SUBVENCIÓN SOLICITADA Á CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

B) PARTE DE CONTROL DA XESTIÓN

5º.- DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DITADAS NO PERÍODO COMPRENDIDO ENTRE O 2 E O 30 DE ABRIL, ÁMBOLOS DOUS INCLÚIDOS.

6º.- ROGOS E PREGUNTAS.

A) PARTE RESOLUTORIA

1º.-APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN PLENARIA CELEBRADA O 3 DE MAIO DE 2012. Aprobase por unanimidade a acta da sesión plenaria, celebrada o día 3 de maio de 2012. Ordénase polo Sr. Presidente a súa transcripción ao Libro de Actas segundo dispón o artigo 110.2 do ROF.

2º.-APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO DITAME DA COMISIÓN DE ORGANIZACIÓN, PERSOAL E ASUNTOS XERAIS RELATIVO Á REFORMA DA PLANTA XUDICIAL

Sr. Alcalde: Como é unha iniciativa presentada polo partido socialista, ten a palabra a voceira do partido socialista, a Sra. Belén Louzao.

Sra. Louzao Vieites, do PSdeG-PSOE: En primeiro lugar, boas noites a todos e a todas. Dikir simplemente que nos alegra que todos os grupos que formamos parte deste pleno compartamos a preocupación polo que os veciños están a comentar na rúa e polo que saíu nos medios de comunicación que é a proposta do Consello Xeral do Poder Xudicial de redución dos partidos xudiciais da provincia de Pontevedra que pasaría a ter cinco nada máis, entre os cales, implicaría eliminar o partido xudicial da Estrada e polo tanto, desaparecerían os xulgados que no noso concello se radican. Dikir, simplemente que esta proposta do Consello Xeral do Poder Xudicial, ademais de non resultar rendible nas dificultades económicas que temos, posto que suporía crear macroxulgados nos que, desde logo, sería máis lenta a xustiza e non se correspondería coas características xeográficas nin sociais do noso país, de Galicia, e nin moito menos do noso concello da Estrada e dos concellos de Forcarei e Cerdedo (que forman parte do partido xudicial da Estrada). Dikir que, desde logo, suporía maior distancia ós xulgados, suporía máis gasto para os veciños e as veciñas, e suporía tamén para o persoal vinculado laboralmente ós xulgados, como poden ser avogados e procuradores, maiores dificultades económicas, e tería grandes

implicacións para o noso comercio e para a nosa hostalería. Por tanto, consideramos esta proposta do Consello Xeral do Poder Xudicial, unha proposta lesiva contra os veciños e veciñas da Estrada que verían mermados, neste caso, a cercanía e os servizos básicos que se lles prestan no noso concello. Quitar un servizo sempre supón, desde logo, un deterioro a nivel de riqueza do concello e un servizo crea riqueza posto que atrae veciños e veciñas, por tanto crea riqueza no comercio e na hostalería e nos profesionais laborais vinculados. Retirar servizos, desde logo, non crea riqueza. Polo tanto, cremos que esta reforma que se plantexa da planta xudicial non é acertada e o que facemos, e así se acordou, foi instar á Xunta de Galicia, que ten que facer un informe para o Estado indicando que sucede cos xulgados no caso da provincia de Pontevedra e instamos á Xunta de Galicia que este informe sexa para defender os xulgados da Estrada, que non acepten esta proposta do Consello Xeral do Poder Xudicial e, ó mesmo tempo, pedimos tamén que non vaia adiante a reforma das taxas xudiciais que implicarían un incremento de custes para os veciños e as veciñas á hora de acudir á xustiza. Hoxe, que nos acompañan os traballadores de Galisec, por outro asunto que se tratará neste pleno, dicir simplemente que coa reforma da lei de taxas, nun procedemento laboral, un traballador que queira recorrer unha sentenza por despido, terá que aboar aproximadamente uns quinientos euros, trescentos e pico para reclamar unha multa de tráfico, etc, etc. Polo tanto, desde o noso grupo traemos esta moción hoxe aquí na que pedimos, cremos que como representantes dos cidadáns, como partido político, debemos facer esta manifestación a favor do partido xudicial da Estrada e cremos que iso non implica que non se poida facer o outro tal e como se falou con procuradores e avogados e outros sectores da sociedade estradense que están na mesma liña de defender o partido xudicial que sería, desde logo, desexable chegar a ese acordo conxunto, pero iso non implica que non debemos dar un paso como representantes dos cidadáns e manifestarlle á Xunta cal é a nosa postura. Grazas.

Sr. Alcalde: *Moi ben, moitas grazas Sra. Louzao. Algunha outra intervención? Sr. Magariños, ten vostede a palabra.*

Sr. Magariños Maceiras, do BNG: *: Alegrámonos de chegar a este acordo as tres forzas políticas. Un acordo que non ten máis que acercar a xustiza ó cidadán, acercar a administración a tódolos cidadáns e non intentar crear macroestruturas nas grandes urbes que o único que levan e que cada vez as aldeas e vilas máis pequenas queden desertas. E non é de recibo que haxa administracións, como pode ser o concello da Estrada, neste caso, ou outros concellos (Forcarei, Cerdedo, etc.) que traballan por crear concellos onde se poida vivir e onde teñan servizos os cidadáns, e que outras administracións do Estado que o que están facendo é intentar concentrar todos estes servizos nas grandes urbes en detrimento dos cidadáns das pequenas vilas e do rural.*

Sr. Alcalde: *Moi ben, moitas grazas. Se non hai ningunha intervención ten a palabra o voceiro do partido popular, Sr. Blanco.*

Sr. Blanco Carracedo, do PP: *Nada, simplemente facer nosas as reflexións dos restantes portavoces dos partidos políticos porque aínda que simplemente é unha proposta do Consello Xeral do Poder Xudicial, o feito de que se contemple a desaparición do partido xudicial da Estrada, tal como acaban de explicar, é un gran prexuízo para este concello, co cal tamén nos alegramos que cheguemos a acordos deste tipo. Nada máis.*

Finalmente, apróbase por unanimidade o seguinte Acordo:

1º.-Instar ao Goberno da Xunta de Galicia a fin de que inste ao Goberno do Estado para que non dea validez algunha á proposta de reforma da planta xudicial elaborada polo Consello Xeral do Poder Xudicial, mantendo as demarcacións xudiciais actualmente existentes.

2º.-Instar á Xunta de Galicia a fin de que inste ao Goberno do Estado que proceda a retirar o Anteproxecto de Reforma das taxas xudiciais.

3º.-Dar traslado deste acordo ao Consello da Avogacía, á Xunta de Galicia, ao CXPX e ao Ministerio de Xustiza.

3º.-APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO DITAME DA COMISIÓN DE ORGANIZACIÓN, PERSOAL E ASUNTOS XERAIS RELATIVO ÓS GASTOS DE MANTEMENTO DE COLEXIOS E CENTROS DE SAÚDE

Sr. Alcalde: Esta iniciativa tamén foi proposta polo partido socialista e polo tanto cedémoslle a palabra á voceira do partido socialista, Sra. Louzao.

Sra. Louzao Vieites, do PSdeG-PSOE: Moitas grazas, Sr. Alcalde. Esta proposta, como vostede dicía, a presentamos, pois un pouco respondendo á necesidade clara que teñen as administracións de delimitar claramente cales son as súas competencias. O municipalismo sabemos que ten que dar resposta a unha serie de servizos, de proximidade ó cidadán, unha serie de necesidades e atender cos seus orzamentos. Sabemos que son tempos difíciles economicamente e sabemos que desde o 2006 existe o pacto local galego, un pacto local no que a Xunta de Galicia se comprometeu coa Federación Galega de Municipios e Provincias a ir asumindo progresivamente os custes de mantemento dos colexios de ensino primario e dos centros de saúde, custes que dende entón e ata hoxe en día veñen asumindo os concellos e que, segundo as estatísticas da Federación Galega de Municipios e Provincias supoñen aproximadamente un 25% do gasto total das entidades, un gasto impropio que asumen os concellos e que polo tanto están evitando que se atendan outras necesidades dos veciños e das veciñas ás que si se debe facer fronte dende as administracións locais. Polo tanto, pedimos nesta moción que a Xunta de Galicia asuma os gastos dos centros de educación primaria da Estrada así como dos centros de saúde de Codeseda, Souto de Veá e Oca, que no seu día xa se lle remitiron os expedientes para iniciar este procedemento, e dos centros de educación primaria Souto de Veá, Foxo, Codeseda, Oca, Pérez Viondi con José Antonio e Figueroa. Sabemos que son momentos difíciles pero existe un acordo que desde o 2006 vense ralentizando, non se ven cumprindo. As transferencias están sendo moi lentas. Houbo unha asunción de 36 centros dos 400 por exemplo que hai na actualidade. Pedimos, polo tanto, como integrantes da corporación local, que se lle esixa á Xunta que pacte un calendario realista, para asumir estes gastos e así poder liberar neste momento de dificultade as arcas municipais de gastos impropios.

Sr. Alcalde: Moi ben, moitas grazas Sra. Louzao. Ten a palabra o Sr. Magariños.

Sr. Magariños Maceiras, do BNG: Como no punto anterior, alegrarnos de que chegamos a un acordo, máis se cabe cando as tres forzas políticas que integran este concello que tamén están na FEGAMP, xa teñen unha postura común para negociar estes puntos coa Xunta de Galicia, onde se lle pida que se transfiran os centros de saúde, xulgados de paz, e que asuma os gastos correspondentes. Entón non cabe máis que pedir a axilización por parte da Xunta desta negociación e que como ben poñíamos na moción, que se reúna a FEGAMP para que se traten estes temas con carácter de urxencia. Non está de máis tamén recordar que a Xunta de Galicia asuma partidas finalistas e que non estaría de máis que moitas das subvencións que ano tras ano se lle dan ós concellos se integren neste fondo de cooperación local, porque axilizaría e facilitaría moito o traballo dos concellos á hora de tramitar a cantidade inxente de documentación que solicita a administración

autonómica para subvencións, que ano tras ano son recorrentes e, entónces sería unha maneira máis eficiente que este fondo se integrara no fondo de cooperación local.

Sr. Alcalde: *Moitas grazas Sr. Magariños. Ten a palabra o Sr. Blanco.*

Sr. Blanco Carracedo, do PP: *O mesmo que acaba de dicir o compañeiro Magariños: alegrarnos de chegar acordos, mostrarnos sempre partidarios de que se clarifiquen cales son as competencias de cada unha das administracións e que se faga asunción e dotación económica para levar a cabo cada unha das competencias.*

Finalmente, apróbase por unanimidade o seguinte Acordo:

1º.-Instar ao Goberno da Xunta de Galicia a pactar coa FEGAMP no prazo de dous meses un calendario de asunción dos gastos de mantemento dos centros de saúde e centros de ensino, ata agora asumidos polos Concellos.

2º.-Ata que se produza a efectiva asunción de gastos por parte da Xunta de Galicia, compromiso de consolidar as cantidades aprobadas nos anos anteriores dentro do Fondo de Cooperación Local cos criterios establecidos no pacto local.

3º.-Solicitar unha reunión da FEGAMP para consensuar unha postura común por parte das entidades locais ante a Xunta de Galicia para que asuma o custo de mantemento, vixilancia e limpeza dos edificios dos centros de ensino primario e de saúde.

4º.-APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA PROPOSICIÓN DE ALCALDÍA RELATIVA Á ACTUACIÓN DE AMPLIACIÓN DO VIAL DE ACCESO Ó POLÍGONO DE TOEDO A EFECTOS DA SUBVENCIÓN SOLICITADA Á CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

Sr. Alcalde: *Antes de proceder á aprobación ou ó debate do punto número catro da proposición relativa á actuación da ampliación do vial do acceso ó polígono de Toedo a efectos da subvención da citada Consellería, temos que votar a inclusión deste punto na orde do día e polo tanto, ó non haber ditame, ó non estar informado na correspondente comisión hai que ratificar a inclusión na orde do día.*

Procedese á votación relativa á ratificación da inclusión do asunto na orde do día, aprobándose por unanimidade.

Sra. Louzao Vieites, do PSdeG-PSOE: *Miraba ó alto agardando que o goberno defendese esta proposta, que é unha proposta do goberno. Se ó desexa facer.*

Sr. Alcalde: *Ten a palabra, Sr. Blanco.*

Sr. Blanco Carracedo, do PP: *Simplemente dicir que esta é unha subvención para a ampliación deste vial que ten como esixencia un acordo plenario que non é o máis normal neste tipo de subvencións, polo cal se trae a este pleno, co convencemento de que é unha subvención interesante e é unha actuación convinte e simplemente levouse a Comisión e agora traémolo a acordo plenario.*

Sr. Alcalde: *Moi ben. Ten a palabra Sra. Louzao.*

Sra. Louzao Vieites, do PSdeG-PSOE: *Ben, grazas pola súa explicación Sr. Blanco. A verdade é que como vostede dicía son unhas subvencións que ven convocando anualmente a Xunta de Galicia, subvencións que permiten realizar melloras neste caso no polígono de Toedo, posto que é o solo que temos para este tipo de axudas. Nos estrañaba no seu día cando se intentou levar á Comisión de Organización, nos estrañaba posto que, non habíamos tido acceso ó expediente, alegrámonos de que efectivamente iso se corrixisse e se meta agora por urxencia. Unha vez se convocou este pleno e fomos a ver o expediente, desde logo, hai moitas cousas que nos chocan neste expediente. Nos chocan porque, en primeiro lugar, sabendo que é unha subvención que se convoca anualmente, sabendo ademais que é unha subvención que para esta finalidade xa se pediu no 2011, xa foi concedida pola Xunta no 2011 e o goberno da Estrada, o goberno encabezado polo Partido Popular decidiu rexeitar esta axuda. Unha axuda que no 2011 era para o mesmo vial, tiña a mesma finalidade, permitir que os camións do polígono puidesen ter acceso por esa saída, para facilitar a súa saída cara Pontevedra, resulta que hoxe vemos, con sorpresa, que é un proxecto menos ambicioso que o que se rexeitou o ano pasado, é un proxecto que se valora en menos cantidade, polo tanto entendemos que o reforzo que se vai a facer do vial, sendo os mesmos metros de vial vai ser menos ambicioso e vai a ter menos consistencia, co cal, vai a ter un deterioro antes, pero, desde logo, nos chocaban moitas máis cousas. Primeiro, que este pleno se celebra a posteriori de que foi enviada, porque todos sabemos que o prazo remataba o 18 de maio. Ben, pódese enviar a posteriori o acordo do pleno, estamos dacordo, pero non só nos chocaba iso. Senón que, desde logo, como ben se di na proposición da alcaldía, se di que houbo que corrixilo porque non coincidía o IVE que se aplicaba. Na copia que nos deron a nós para o expediente deste pleno, na copia que nos facilitaron segue sen coincidir. Non sabemos se se modificou para vir a este pleno ou non, porque nós fomos a ver o expediente do pleno con fecha posterior, pode ser, non o sei, habería que comprobalo e iso é unha das nosas recomendacións. Pero, desde logo, nos chocaban máis cousas. Si existe un informe que a subvención foi pedida, sabendo que ten que ir a pleno, que o pleno sería o de xuño, que a subvención foi pedida o 18 de maio, os informes teñen data posterior. Sabendo que para ir ó pleno hai que pedir informes, xurídico, informe de intervención, teñen data posterior, non só teñen data posterior senón que vostedes argumentaban no 2011 que había que renunciar á subvención posto que nos orzamentos do 2011 non figuraba unha partida específica para poder aceptala. Pois cal é a nosa sorpresa que nós lle explicabamos como funcionan os orzamentos neste concello e de todos os concellos, cal é a nosa sorpresa que un ano despois vostedes elaboran uns orzamentos e o informe da intervención di literalmente, "indicar que non existe na actualidade crédito para financiamento da parte non subvencionable pola Consellería", o cal como concelleiros sabemos ou deberíamos saber que efectivamente se pode facer unha modificación orzamentaria igual que se podía facer no 2011 e hoxe este vial estaría arranxado e estaríamos pedindo esta solicitude anual para outra mellora no polígono de Toedo. Polo tanto, estamos perdendo perspectiva, estamos perdendo capacidade de axudar ó polígono de Toedo. Xa non só iso, senón que a propia interventora o di, hai cousas que hai que facer para pedir unha subvención como implica seguramente ter que facer modificacións orzamentarias, hai que pedir informes a intervención primeiro e a propia interventora di, "non se entra a valorar a existencia de crédito adecuado suficiente para levar a cabo as actuacións descritas na proposta" posto que esta cuestión debeuse ter valorado e sometido a fiscalización antes de proceder a petición da subvención. Desde logo, as cousas se se fan fanse ben, o que se di no 2011 para rexeitar unha subvención non se pode despois pasar por encima diso para despois facela no 2012. Pero como este grupo é un grupo responsable, desde logo sabemos que é necesario axudar ó polígono de Toedo, desde logo sabemos que esta é unha boa iniciativa, xa o era no 2011 e segue sendo agora, mellorar e arranxar esa saída do polígono para facilitar o tráfico dos camións que saen do noso polígono cara Pontevedra. Polo tanto, este grupo vai a ser responsable, este grupo vai apoiar que se solicite isto pero desde logo dando un toque de atención e dicindo que, desde logo, as cousas se se está no goberno hai que facelas ben, porque teñen implicacións. Os*

informes están para algo e os técnicos deben facer os seus informes para algo. Moitas grazas.

Sr. Alcalde: *Moi ben, moitas grazas. Algunha outra intervención?. Ten a palabra o Sr. Blanco.*

Sr. Blanco Carracedo, do PP: *Simplemente agradecer a responsabilidade do grupo municipal socialista con esta iniciativa, pero si aclarar que o motivo de que o ano pasado se desbotara esta actuación non é porque non sepamos que se pode facer unha modificación orzamentaria, simplemente a situación na que estaba o concello o ano pasado non aconsellaba acometela. Había outra serie de gastos xa acometidos, moita incertidumbre polas facturas que faltaban por chegar. En canto ós orzamentos, chegará o momento próximo que cando se vexan as contas anuais se verá se sabemos manexar os orzamentos ou non. Nada máis.*

Sr. Alcalde: *Ten a palabra, Sra. Louzao.*

Sra. Louzao – Vieites, do PSdeG-PSOE: *Ben, se vostede o que me quere aclarar é que non había 28.000 euros o ano pasado, tamén dicían vostedes que se debían 3 millóns de euros e resultou falso. Tamén dixeron vostedes que non había diñeiro no orzamento para as luces de Navidad e resultou falso. Moitas das súas grandes estratexias e titulares políticos económicos deste concello resultaron falsos, e se vostede me ven a dicir que o concello non podía facer unha modificación orzamentaria por valor de 28.000 euros para arranxar o polígono, desde logo, mentirá vostede outra vez, porque iso si era posible facelo, igual que foi posible saldar as facturas cos provedores porque hai mecanismos para facelo. Desde logo, alegrámonos de que agora miren para o polígono de Toedo e vexan a necesidade de arranxar ese vial a pesar de que sexa un arranxo menos ambicioso que o que había proxectado.*

Sr. Alcalde: *Ten a palabra Sr. Blanco.*

Sr. Blanco Carracedo, do PP: *Sra. Louzao, mentir non creo que me pillara aínda en ningunha mentira. Serán todo interpretacións. Pero mentira, rógolle que diga que non. A situación (é volver a discutir o que penso que xa foi discutido) cando se chegou, sobrepasadas moitísimas partidas, cultura moitísimo máis do que podía dar de si, rural..., simplemente foi unha decisión preventiva, digamos, vendo o que había. Polo cal considero que se a nosa decisión, lle gusta ou non, vale, será outro tema; pero de aí a dicir que mentimos, rógolle que non utilice esa palabra.*

Sr. Alcalde: *Moi ben Sr. Blanco. De todas formas, onde hai papeles sobran palabras. Eu xa lle din copia do informe de morosidade firmado pola interventora onde figuraban os tres millóns de euros de pagos pendentes. Se quere llo volvo a pasar e tamén temos a copia dos pagos de un millón oitocentos mil euros que fixo este goberno desde que tomou posesión de facturas atrasadas, se quere tamén lle damos a relación de facturas pagadas, por importe de un millón oitocentos mil euros, sen ningún problema, de compromisos do goberno anterior que tivo que facer fronte este goberno. Ademais, como dicía o concelleiro, moi ben aportado, de forma preventiva decidimos non aportar corenta e dous mil euros, que era o que tiña que aportar o concello para ese proxecto cando se resolveu a subvención. Resolvéronse a de mobiliario urbano, que eran os contedores soterrados e acceso ó polígono de Toedo había que facer unha aportación de corenta e dous mil euros ó proxecto do polígono de Toedo e, nunha actitude sensata e de xestión de fondos públicos decidimos que non era o momento de poder mobilizar fondos cando estabamos tendo problemas cos contratos de colaboración social, que tiñan presupostados trescentos mil euros e xa ían gastados catrocentos mil, como recorda vostede que tivemos que pasar o trago difícil de despedir a dezaseis traballadores de colaboración social porque non había diñeiro para pagarlles. Eu creo que non o recorda pero refréscolle eu a memoria, ou cando non tiñamos cartos e tiñamos que solicitar o aprazamento para pagar trescentos mil euros que debíamos*

a Augas de Galicia, para poder facer fronte ó gasto corrente desmedido que viña do goberno anterior. Por iso, entendiamos que non se daban as circunstancias e, este ano, unha vez estabilizado o enfermo que estaba na UVI e fomos capaces de estabilizalo, agora podemos empezar a plantexar algunha iniciativa que supoña unha aportación de recursos propios do concello, pero con sensatez e con rigor, porque os tempos, desde logo, non están para outra cousa. O tempo do despilfarro e do mal gasto xa pasou e agora hai que actuar con rigorosidade e por iso, nós intentamos tomar todas e cada unha das decisións que tomamos con ese rigor que implica o manexo de fondos públicos que non son máis que fondos dos veciños, que nos toca administrar e que, polo tanto, debemos facer con total transparencia e con total claridade e non estirar o pé máis do que da a manta e despois lamentarnos por coller constipados como foi o que pasou durante moito tempo mentres que vostedes gobernaron. Así que creo que é o momento de proceder á votación deste punto,

Finalmente, adóptase o seguinte Acordo por unanimidade:

-Vista a Orde de 3 de abril de 2012 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas encamiñadas á habilitación e mellora de infraestruturas dos parques empresariais da Comunidade Autónoma de Galicia.

-Visto que como un dos requisitos para a concesión de dita subvención se solicita Acordo plenario da aprobación da actuación.

-Vista a necesidade que ten este Concello de proceder á mellora de acceso ao Polígono Industrial de Toedo.

-Visto o Informe da Intervención municipal de 31 de maio de 2012

-Visto o Informe do Arquitecto Técnico Municipal de 1 de xuño de 2012

-Visto o Informe de Supervisión do Arquitecto Técnico Municipal de 1 de xuño de 2012

-Vista a Acta de replanteo do Arquitecto Técnico Municipal de 1 de xuño de 2012

-Visto o Informe do Técnico de Administración Xeral de 1 de xuño de 2012

ACORDO:

-Aprobar a actuación denominada "Ampliación do vial de acceso ao Polígono de Toedo" aos efectos da subvención solicitada á Consellería de Economía e Industria.

FÓRA DA ORDE DO DÍA

A) MOCIÓN CONXUNTA DAS TRES FORZAS POLITICAS RELATIVA Ó APOIO DAS REIVINDICACIÓNS DOS TRABALLADORES DE GALISEC S.L.U.

Sr. Alcalde: Antes de pasar á parte de control da xestión e de preguntar se os grupos políticos teñen algunha moción de urxencia, creo que o voceiro do partido popular presentará en nome dos tres grupos políticos a moción relativa á situación que están atravesando os traballadores da empresa Galisec.

Procedese á votación relativa á urxencia do asunto aprobándose por unanimidade.

Sr. Blanco Carracedo, do PP: *Tal e como acaba de dicir o Sr. Alcalde, os tres portavoces dos grupos municipais do concello da Estrada, acordaron ante a solicitude feita polos traballadores de Galisec, tomar un acordo para presentar ante este pleno á súa aprobación, que di da seguinte forma: “O Pleno do Concello da Estrada, ante as demandas expostas por representantes dos traballadores en conflito coa empresa GALISEC S.L.U., manifesta que, ante a sempre difícil situación que supón calquera conflito de carácter laboral e económico entre unha empresa e os seus traballadores, e concretamente coas particularidades do conflito que nos ocupa, acorda expresar o seu apoio ás reivindicacións amosadas polos traballadores de GALISEC S.L.U. facendo un chamamento á patronal para que dea cumprimento ás súas obrigas, tanto legais como xudiciais, dando así unha solución urxente e satisfactoria ao conflito que se está a vivir.*

Así mesmo, acórdase dar traslado do presente acordo á Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia e ao Servicio Público de Empleo Estatal (SEPE) dependente do Ministerio de Empleo e Seguridad Social, solicitando que se axilice, na medida do posible, calquera tipo de axuda á que os traballadores teñen dereito.”

Sr. Alcalde: *Moi ben, algunha intervención? Sr. Magariños, ten vostede a palabra.*

Sr. Magariños Maceiras, do BNG: *Pensei que íamos intervir todos un pouco. Simplemente dicir que si ben nos outros puntos me alegrei de que chegamos a consenso, neste non me alegro, non porque non chegamos a consenso, senón que me entristece que teñamos que mostrar o noso apoio, o concello, non mostrar o noso apoio, senón solicitarlle a alguén que cumpra a lei e que cumpra coas súas obrigacións xudiciais. Parece triste que a estas alturas lle teñamos que estar pedindo a unha empresa que se comporte legalmente, máis que se comporte legalmente, que cumpra coas sentencias xudiciais e que cumpra cos seus traballadores; e por iso creo que non é motivo de alegría senón de pena que tiveramos que chegar ata este punto cando era un problema que podía estar solucionado sen problema.*

Finalmente, adóptase o seguinte Acordo por unanimidade:

O Pleno do Concello da Estrada, ante as demandas expostas por representantes dos traballadores en conflito coa empresa GALISEC S.L.U., manifesta que,

Ante a sempre difícil situación que supón calquera conflito de carácter laboral e económico entre unha empresa e os seus traballadores, e concretamente coas particularidades do conflito que nos ocupa, acorda expresar o seu apoio ás reivindicacións amosadas polos traballadores de GALISEC S.L.U., facendo un chamamento á patronal para que dea cumprimento as súas obrigas, tanto legais como xudiciais, dando así unha solución urxente e satisfactoria ao conflito que se está a vivir.

Así mesmo, acórdase dar traslado do presente acordo á Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia e ao Servizo Público de Emprego Estatal (SEPE) dependente do Ministerio de Emprego e Seguridade Social, solicitando que se axilice, na medida do posible, calquera tipo de axuda á que os traballadores teñen dereito.

Sr. Alcalde: *Antes de pasar á parte de control da xestión, ¿se hai algunha moción de urxencia? Pois se non hai ningunha moción de urxencia, parte de control. Dación de contas*

de resolucións da alcaldía ditadas no período comprendido entre o 2 e o 30 de abril, ámbolos dous incluídos e punto número sexto, rogos e preguntas.

B) PARTE DE CONTROL DA XESTIÓN

5º.- DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DITADAS NO PERÍODO COMPREDIDO ENTRE O 2 E O 30 DE ABRIL, ÁMBOLOS DOUS INCLUÍDOS. Dáse conta ao Pleno da Corporación das Resolucións da Alcaldía ditadas no período comprendido entre o 2 e o 30 de abril de 2012.

6º.- ROGOS E PREGUNTAS.

Sra. Louzao Vieites, do PSdeG-PSOE: Ben, a verdade é que se nos ocorrian un montón de rogos e preguntas pero, desde logo, creemos que debemos preguntar unha sobre todas as demais. Como vostede dicía fai un momento, que o tempo do despilfarro xa pasou e nós dicímoslle Sr. Alcalde vostede mentiu, mente e segue mentindo. Porque dicimos isto?. Vostede argumentaba fai un momento, seguía insistindo no informe dos tres millóns de euros, un informe que estaba errado e que vostede podía deixar de mencionar, pero quixo seguir facendo tallada política diso. E segue facendo despilfarro cando se fan inversións contra o que di a xente e contra as necesidades dos veciños, como pode ser o campo de fútbol, o novo estadio para A Estrada. Pero, desde logo, e o que nos leva a preguntar hoxe aquí é por unha obra que se fixo máis recentemente e que desde logo xerou tamén unha ampla polémica por parte dos veciños, por descoñecemento, e ampla polémica polo que se fixo alí ou polo que non se fixo ou polo que se puido facer e se deixou de facer con eses cartos. Querémoslle preguntar, Sr. Alcalde, que hai no expediente da obra que se fixo, de humanización, repito, humanización da Porta do Sol? Esa é unha das nosas preguntas. Explíquenos que hai detrás do proxecto de humanización da Porta do Sol.

Sr. Alcalde: Detrás do proxecto de humanización da Porta do Sol hai a humanización da Porta do Sol, como ben perfectamente di o proxecto. Un proxecto reclamado por unha parte importante de veciños, con problemas de tráfico importantes. Non sei se tivo vostede oportunidade de pasar por alí moitas veces pero, cando un circulaba no seu vehículo e para poder saír no stop, tiña un problema de visibilidade importante, e se se centraba na visibilidade dos vehículos que viñan da Fernando Conde tiña un problema da seguridade viaria co paso de peóns que hai nesa zona; e nos reclamaban desde fai bastante tempo, pero xa non desde agora, desde fai un ano, desde fai bastante máis dun ano a actuación por parte do concello nesa zona. E nós entendemos (co informe da policía local) reordenar o tráfico nesa zona, facer unha pequena actuación de humanización que eu creo que, desde logo, é unha zona bastante deprimida e podía gañar, eu creo que, en calidade e, desde logo, na mellora da calidade de vida dos veciños desa zona e ademais unha actuación que pronto e proximamente vai poder ver vostede e contemplar, nesa zona que vai a ser, desde logo, digna de mención e realmente chamativa, llo podó garantir.

Sra. Louzao Vieites, do PSdeG-PSOE: Pois mire que ben, se as decisións desta alcaldía eran que a voceira do oposición poida contemplar as obras, pois oía, eu pensei que os criterios eran máis lóxicos os de facer as inversións. Pero bueno, se soamente é que contemple as obras, pois hai nas parroquias do rural moitas obras que quixera contemplar tamén e moitas outras no casco urbano. Se quere lle paso un informe un día para que vostede as vaia facendo a medida que eu "as queira contemplar". Pero bueno, como creo que esa non é a realidade, Señor Alcalde, vamos a falar do tema. Porque nós presentabamos un escrito o día 15, un martes. A obra comezou, como vostede lembrará un luns, día 14 e nós presentamos un escrito o día 15 solicitando que se fixera unha comisión para darse

información ó respecto. Vostede considerou que non era necesario porque estaba ó noso acceso no concello. Unha semana despois me chaman da alcaldía e me din que podo pasar polo departamento, concretamente de urbanismo, a ver os proxectos, a ver o que pediamos, das modificacións no Pazo de Oca, dos accesos ó Pazo de Oca e o da Porta do Sol. Concretamente o do Pazo de Oca, a día de hoxe sigo sen poder ter acceso a el porque no citado departamento se nos dixo que non estaba ese expediente. Volvemos á alcaldía e o que se nos dixo desde a súa secretaria particular, a resposta que se nos deu foi, “a min foi o que me dixeron, miña rula”. Ben, pois a día de hoxe seguimos pedindo que se nos dea acceso a ese expediente, non sei se miña rula ou meu rulo ou quen pero que se nos dea acceso a ese expediente. Pero hoxe é a Porta do Sol polo que preguntamos porque a ese si que tivemos acceso e hai moitas cousas que chocan nese expediente, Señor Alcalde. Hai moitas cousas que chocan porque desde logo, o primeiro que vemos é unha memoria valorada que está valorada en máis de 15.000 euros, 15.000 euros, que dicimos “bueno é unha boa actuación”, pero que sorprendentemente, son 15.000 euros simplemente para colocar a pavimentación. Nin recollen o mobiliario, nin recollen a súa famosa escultura XL, tamaño XL, de nove toneladas. É dicir, solo recollen por 15.000 e pico euros colocar as pedras no solo. E ademais vostede di “planificación, non se fai despilfarro, non se improvisa...”, como non? Este é un máis dos exemplos da súa improvisación como alcalde. Un máis dos seus exemplos como improvisación e o di o propio expediente porque o luns día 14 estaban os operarios traballando alí ata as dez da noite, que por certo, hai que ver quen fixo esa obra, a quen se lle adxudicou esta obra porque non obra no expediente a adxudicación nin as empresas ás que se lle solicitou presupuesto, nin materiais nin nada. Curiosamente seguimos revisando o expediente e vemos, para a nosa sorpresa, como a súa improvisación é tal, que o expediente se fixo a posteriori de facer a obra. Vostedes deciden en que meter os cartos, os gastan como se foran do seu peto, en tomar un café aquí ou alí, vostedes gastan os cartos do concello, 15.000 para aquí, 15.000 para alí, sen pedir informes sequera ó respecto, porque, curiosamente, vemos como a proposta do informe de intervención é de fecha 16, cando a obra xa se estaba facendo, xa se tiña decidido que se ía facer, canto ía custar e demais e o informe de intervención é posterior, o informe de urbanismo é posterior, as actas do técnico que decide a obra, son posteriores. Todo é posterior á realización da obra, co cal a súa improvisación e o seu despilfarro pasa por aí, sen existir informes, sen saber se se pode ou non se pode facer, vostede se lanza, “veña vai, fagamos unha obra”. Unha obra que recordamos se fixo sen haber consultado que era o que dician os veciños que facía falta, e así a día de hoxe vemos como a parada dos taxis e a zona de carga e descarga se solapan e crean problemas de tráfico, problemas para o resto dos vehículos que circulan pola zona, posto que os taxis e os vehículos de carga e descarga teñen problemas para usar o mesmo espazo, problemas para a xente que quere coller os taxis e problemas para todos os veciños e os viandantes pola conxestión de tráfico que se fai alí. Polo tanto, unha vez máis vemos como vostede fala, predica unha cousa e fai outra. E desde logo, como di vostede non é tempo de despilfarro e non é tempo de gastar sen saber en que, porque insisto, unha memoria valorada para contratar a colocación da pavimentación por máis de 15.000 euros, e non sabemos o que nos vai a custar ó concello o resto. Polo tanto, nin existe planificación, nin existen presupostos, nin existen informes feitos en tempo e forma e novamente, igual que viamos no informe da solicitude do polígono de Toedo, se pasan vostedes os expedientes por onde lle da a gana, non fan vostedes os procedementos conforme marca a lei. E agora vostede me vai a contar todo o que fixo e que se encontra encantado coa reunión cos veciños e que xa xestionou e que xa fixo e que veu o señor Touris aquí facerse fotos e que veu a Conselleira... Si, pero a realidade é esta, e vostede está manexando os orzamentos deste concello sen ningún criterio e está vostede ocultándolle ós veciños que existe detrás desta obra de humanización, segundo vostede, cando a realidade é esta, un expediente incompleto, feito a posteriori para salvar a súa cara cando os veciños protestaron e dixeron que esa obra non eran os procedementos para facelos así. Polo tanto, insistimos, a nosa pregunta era saber que había aí detrás. Igual que queremos ter acceso á expediente da Plaza de Oca para saber tamén como está a situación e coñecer a realidade, non o que vostede nos conta e o que vostede fai en monólogos e nos di grandilocuentemente, senón a realidade, de como lle vai afectar isto ós veciños da Estrada e como unha obra decidida a última hora, decidida non sei se nun café ou nun despacho ou nun salón ou nun

pasillo, decidida a última hora, lle está custando ós veciños da Estrada e tamén nos gustaría saber exactamente cal vai ser a dinamización económica que vai favorecer iso para o comercio da zona. En que vai favorecer que a zona de carga e descarga e a zona de taxis estean agora mesmo en dificultade para poder utilizarse, así como, saber que eses máis de 15.000 euros que nos custou colocar un triángulo, un triángulo de pavimentación nunha rúa da Estrada, saber se iso é o seu criterio que ten. A súa falta de criterio é tal que decide as obras deste xeito e decide como gastar os orzamentos da Estrada sen ningún informe que avale tal obra. Moitas grazas.

Sr. Alcalde: *Bueno, coa súa ensalada de preguntas non me estrañaría que dentro dunhas semanas puxera o salmón na Plaza de Oca e as aceras na praza da Porta do Sol. Porque desde logo ten vostede un concepto un pouco rixido do que é a xestión municipal. Seguramente por descoñecemento. O que está claro é que hai moitos proxectos que quedaron bloqueados, por desgraza. Ogallá o goberno anterior houbera podido rematalos e falamos das aceras de Codeseda, falamos da Praza de Oca, falamos de moitos proxectos que, bueno, vostedes pasaron polo goberno pero eses proxectos non lle preocupou ó goberno ou non foron quen de solucionarlos. E, por exemplo o proxecto da Praza de Oca é unha pataca quente que lle quedou a este goberno, onde vostedes se complicaron a vida e os veciños lle pararon a obra e este goberno, despois de ter aproximadamente dez ou doce reunións cos veciños aínda que a vostedes nada lles vale, con vostedes foi nun despacho ou nunha taberna. Pero realmente, se produciron máis de dez reunións cos veciños, máis de tres reunións coa Fundación Ducal Medinaceli, se chegou a un acordo entre tódalas partes para poder reiniciar esa obra, se conseguiu 85.000 euros a maiores da Deputación de Pontevedra para poder rematar unha obra que vostedes deixaron sen facer porque quero recordar que as obras se licitaron no ano 2010, de 124.000 euros, executaron vostedes 80.000, e cando tiñan que executar os 44.000 restantes, paráronlles a obra. E, polo tanto, nin para adiante nin para atrás. E como este goberno ten capacidade de resolución e ten iniciativa, asumimos a nosa responsabilidade e collemos o problema onde o había e solucionámolo. Ai estamos traballando na Praza de Oca, facendo o soterramento dos servizos, tanto de Telefónica como de Fenosa como a preinstalación da rede de saneamento e de abastecemento de auga, que non a teñen pero xa se vai deixar preinstalado nesa zona. Se van a facer as aceras, se vai a rebaixar a cota da praza e se vai axardinar, se vai a poñer unha nova iluminación en colaboración coa Fundación Ducal de Medinaceli, que eles van asumir unha parte dese custo, e se vai a poñer en marcha o convenio firmado coa Fundación para que os veciños da Estrada poidan entrar gratuitamente no Pazo de Oca. Xa lle digo, é unha obra herdada; se vostede cree que é un despilfarro, mire para a súa esquerda e para a súa dereita e bótelle a culpa a eles porque foron eles os que decidiron esa obra. Eu creo que non é un despilfarro, é unha obra importante nun entorno clave e por iso, este goberno asumiu a súa responsabilidade e no momento máis complexo pódolle dicir que conseguir 85.000 euros a maiores para rematar esa obra non foi tarefa fácil. E conseguir desmadexar a madeixa que fixeron vostedes cos veciños e coa Fundación e o lio monumental que crearon alí, poder resolver todo ese conflito, tampouco foi moi fácil; pero hoxe as máquinas están traballando, grazas a Dios, e os veciños están colaborando dunha forma extraordinaria; e esa obra eu espero que avance dunha forma decidida ata o día 14 ou 15 de xuño, que é cando é a festa de Oca. E despois, a partir do 16 empezaremos xa a actuar sobre o que é a praza para facer o acondicionamento definitivo. Na Porta de Sol fixemos unha actuación, da que van a ter vostedes cumprida conta do que se pretendeu alí, pero eu xa llo anticipo. Unha actuación dun deseño dun salmón por parte dun reputado persoeiro que ten máis de 52 obras de arte no Camiño de Santiago, unha persoa que regalou ó Concello da Estrada o busto de Bieito XVI, que fixo o busto de Juan Pablo II, que fixo a Porta do Camiño, que fixo a man de Baco nas bodegas Dinastía Vivanco, que é o símbolo das bodegas de viño da Rioxa, e que tivo a xenerosidade, o Sr. Cándido Pazo, escultor recoñecido internacionalmente, tivo a estupenda xenerosidade de doar unha obra de arte ó Concello dan Estrada. Pero como vostedes son así de impulsivos e de pouco xenerosos, o recibimento que lle dan é este. Eu doulle un recibimento diferente, eu alégrome moito de que esta persoa tan reputada se acordase da Estrada, alégrome moito de que faga unha doazón gratuíta dunha obra de arte valorada aproximadamente en 45.000 euros, que*

faga unha doazón desinteresada de todo o sistema de iluminación para esta obra e que se acorde da Estrada para facer un emblema, que é o salmón, e recuperar e darlle brillo a unha zona que, ultimamente, está bastante abandonada e da que temos que, desde logo, preocuparnos e que para nós facer esa pequena actuación que, eu recoméndolle que non sei si ten ido por alí, pero recoméndolle que vaia, que vaia pola tarde para que vexa, ó mellor 20 ou 30 persoas sentadas na zona, nos bancos onde se fixo a pequena humanización e as xardineiras que se puxeron alí, e vexa que hai veciños que xa que queren solicitar licenza para poñer unha terraza, para utilizar esa zona. Recoméndolle que dea un paseo por alí. Tamén é certo que vostedes intentaron entorpecer todo o posible porque é a súa forma de facer política, a de entorpecer e enlodar todo o que tocan, pero nós xa sabemos a oposición que temos e coa que contamos e, desde logo, lle podo garantir que canto máis paus nas rodas pretendan poñer, máis forza vamos a coller nós para seguir traballando. É a nosa responsabilidade, nós asumimos a nosa responsabilidade e vostedes entenden o concepto de oposición como un traballo pertinaz de descualificación, de insultos, de tratar ó goberno de mentira e de utilizar unha estratexia que ó final, fai pouco tempo a cidadanía lles dixo cal era o seu recorrido. Creo que fan unha gran oposición pero fan un mal goberno e como a cidadanía é moi sabia, os pon onde vostedes son capaces de dar o mellor de si mesmos, que é na oposición e con esa crítica voraz e destrutiva a todo o que sone a desarrollo, iniciativas, actuacións..., que aínda que sexan, non moi ambiciosas, porque non nos caeron catorce millóns de euros como lle caeron a vostedes en dous anos do ceo para facer actuacións, aínda que non teñamos eses catorce millóns de euros, si temos imaxinación, temos capacidade, temos ganas de traballar e de propoñer e de facer propostas que sexan boas para A Estrada e, desde logo, que poidan aportar e atraer a súa atención porque xa vexo que non atraen moito a súa atención, a ver si somos capaces de ter algunha iniciativa que, polo menos, nos plenos lle atraia a súa atención, cando o goberno atende relixiosamente as súas preguntas, aínda que se perdan no tempo e vostedes se entreteñan con chascarrillos cando o goberno contesta.

Sra. Louzao Vieites, do PSdeG-PSOE: Vostede pensará que nos perdemos no tempo, pero resulta que non nos perdemos no tempo e atendemos e sabemos a sarta de cousas das que falou e non se lle preguntou. Primeiro, preguntamos se non ían dar acceso ou non ó expediente da Praza de Oca, e iso era todo, e non necesitabamos que nos falara vostede dos cromañóns; esa era unha pregunta. E a outra é, fíxose a posteriori o expediente da Porta do Sol? Si ou non. Existían informes previos á realización desa obra? Si ou non. Sr. Alcalde, as datas están no expediente e o expediente é o que é e está incompleto e foi feito a posteriori e esa é a realidade. Vostede decidiu como gastar eses cartos sen haber feito previamente este trámite que é facer os informes. E as datas están aí, non hai máis, e vostede nos pode acusar de moitas cousas e falar e seguir falando e nos parece moi ben, fale vostede o que queira falar, fale vostede o que queira falar pero a realidade está nas datas do expediente. E é así, señor alcalde, vostede decidiu gastar máis de 15.000 euros na pavimentación dese triángulo da Porta do Sol sen nin sequera existir informes que avalasen esa actuación, facendo un expediente a posteriori para poder lavar a súa cara e a do seu goberno, cando os veciños se queixaron de que as cousas non se facían así. Agora a situación está como está e a zona de carga e descarga e a parada de taxis están como están, pero vostede quere seguir dicindo que o fai estupendamente e marabilloso, pois siga vostede falando e escoitándose a si mesmo como o fai habitualmente.

Sr. Alcalde: É un rogo ou unha pregunta? Supoño que serán as preguntas iniciais, despois non rematou, pero mire, dígolle. O proxecto da Porta do Sol teno vostede á súa disposición, xa o puido ver e o puido comprobar. O proxecto da Praza de Oca, evidentemente hai copia neste concello, sabe que é un proxecto que non licitou este goberno. É un proxecto que asumiu cen por cen, con fondos propios, a Deputación de Pontevedra, sábeo vostede. Non lle custou nin un só peso (estoulle contestando, respecte vostede os turnos; pódolle garantir que teño moita paciencia para escoitala, vostede creo que ten bastante pouca, respecte os turnos de intervención e cando lle toque a vostede pregunte ou fale). O proxecto da Praza de Oca, como xa digo, é un proxecto que licitou a Deputación de Pontevedra, que non lle custou un peso ó noso concello e que hai unha copia, porque nós aprobamos ese proxecto.

Polo tanto, eu descoñezo se está no departamento de urbanismo ou está no departamento de secretaría, posiblemente, ó mellor, estea en secretaría, tendo en conta que se fixo unha aprobación dese proxecto cando a nós non nos corresponde continuar cos trámites administrativos senón que é a Deputación de Pontevedra e se lle remitiu alá e foi a Deputación a que o aprobou e a que o licitou. Non se preocupe que vai ter vostede cumprida resposta e se ese proxecto non se puxo a disposición, está claro que este como calquera outro, como todos, están a disposición da oposición para que poida revisalos cando, como e onde queira. No que respecta ó tema dos veciños da Porta do Sol, si e certo e recoñecín que posiblemente tiñamos que haber feito a Mesa Local de Comercio para comentar cos comerciantes. Lle pedín e lle dixen publicamente ó presidente de ACOE, que foi quen protestou (protestou o partido socialista e o presidente de ACOE), eu lle pedín desculpas ó presidente de ACOE pero, ó final todos coincidiamos no fondo, ou polo menos, menos o partido socialista, o resto todos coincidiamos no fondo que a obra era unha obra necesaria, era unha obra boa, era unha obra importante para esa zona. Que se podía haber consultado e é certo, eu asumo e asumín publicamente a miña parte de culpa, na forma, pero creo que no fondo todos, excepto os ollos incrédulos do partido socialista, non a ven. Aí é onde empezamos a diferenciarnos e a min me gusta que haxa diferenzas do que vostedes fixeron co Plan E, gastar millóns de euros en actuacións que hoxe están comidas polas silvas e, con moi poucos recursos facer este tipo de obras. A min sinceramente lle digo que me motiva moito que me critiquen por facer, de verdade que me alegra moito e me motiva moito que o partido socialista me critique por facer. Nos critique a este goberno por solucionar o problema da Praza de Oca, por facer o proxecto da Porta do Sol. Seguramente facía vinte anos que non se falaba da Porta do Sol e agora está en boca de todos, iso está ben. Sobre todo, porque vai quedar unha obra, eu creo que importante nesa zona, que nos critiquen por facer proxectos é marabilloso e estupendo, igual que o do campo de fútbol. Aí xa me doe máis que me critiquen por non facelo máis que me critiquen por facelo, que iso aínda non son capaz de asimilalo, pero creo que aí o partido socialista ten un don especial. Primeiro podemos tirar de acta onde neste pleno se critica ó partido popular porque cambiou o proxecto da Baiuca para facer o campo de Callobre e se nos tachou de mentirosos, de falsos, de que non iamos cumprir as nosas promesas, que había un problema estrutural na Baiuca, que a grada se ía a caer, que todos o sabiamos, que a ver quen ía ser o responsable cando acontecera algún problema... Aí o partido socialista e o BNG fixeron fronte común para poñer en entredito a labor deste goberno, nos criticaron por activa e por pasiva por destinar o diñeiro a Callobre e agora que teñen Callobre e máis teñen a Baiuca e tampouco lles chega e volven a criticar. Entón, bueno, eu creo que ese é o exemplo claro de cal é a súa estratexia de que nunca poden, así como este goberno é suficientemente xeneroso para votar e levar temas en consenso e de acordo por unanimidade (como foi no pleno de hoxe), a oposición deixa moito que desexar nese aspecto de colaborar e de traballar conxuntamente para proxectos que desenvolven e dinamicen o futuro da Estrada. Porque falan vostedes e se limitan a falar vostedes do campo de fútbol, pero non falan vostedes de que facemos cos 450.000 euros que tiñan vostedes destinados para a Baiuca, para facer unha reforma insuficiente na Baiuca, que facemos con eles, de onde os sacamos? 450.000, que facemos, deixamos a grada como estaba, non? Iso foi unha decisión súa, que deixaron a este goberno, 450.000 euros para facer unha actuación, que non servía absolutamente para nada na Baiuca, unha reforma. Nós dixemos en campaña electoral publicamente que se o partido popular gobernaba A Estrada estaba disposto a poñer máis diñeiro encima da mesa para facer unha actuación moito máis ambiciosa na Baiuca. O dixemos publicamente e aí está, 600.000 euros máis para facer unha actuación máis ambiciosa e tan ambiciosa é que conseguimos recuperar 45.000 metros cadrados de terrenos que eran da Xunta de Galicia e se lle devolve ó Concello da Estrada. Tan ambiciosa é que nos vai a permitir facer un parque exterior neses 45.000 metros cadrados xunto cun estadio de fútbol, tan ambiciosa é que nos permite liberar 22.000 metros cadrados na zona da Baiuca para facer a zona de servizos. E alguén dirá, "oie que necesitamos unha residencia" e onde a facemos se non temos terreos?, e porque? Porque o plan xeral a corto prazo non vai ser a solución porque a única forma de que o concello teña para ter terreos é a través dos desenvollos urbanísticos, e un desenvollos urbanístico na Estrada vai a supoñer que algún promotor se meta a desenvolver 150 ou 200 vivendas nunha bolsa de suelo. E mentres que non haxa eses

desarrollos que a curto prazo todo parece indicar que non vai haber, A Estrada non terá nin un solo metro cadrado de titularidade pública para poder planificar con sentido o mapa de servizos públicos da Estrada. E para iso, desa ambición de vostedes, derrochar 450.000 euros en poñer catro columnas para suxeitar a grada da Baiuca, en cambiar os bloques do peche exterior e de facer catro actuacións menores no campo de fútbol para deixar un estadio pésimo, nós conseguimos aumentar esa partida un millón de euros para facer un novo campo de fútbol, para obter uns novos terreos, para facer un parque exterior, para ter o solo dotacional para o futuro dos servizos públicos da Estrada. Busquen, comparen e cada un que decida; e eu creo que cando á xente se lle explica como é o proxecto eu creo que calquera o pode entender, calquera menos o que non o quere entender, que por moito que se lle explique non o vai a entender nunca e non se debe de perder máis tempo do necesario para explicalo. Así que creo que ten vostede cumprida a resposta ás súas preguntas.

Sra. Louzao Vieites, do PSdeG-PSOE: Non sei se teño que pedirlle desculpas ó señor Magariños ou non, por facer esta intervención, pero vamos a ver, señor alcalde, paréceme moi ben, vostede fala, fala e segue falando e xa nos recordou outra vez a época de cromañon, a conquista, reconquista e demais, e nos parece moi ben, pero seguimos preguntando, o expediente da Porta do Sol foi feito a posteriori de comezar a obra? Foi un expediente que responde en datas posteriores ó cumprimento de como se fai un expediente, en cumprimento da legalidade procedimental que estaba sen facer? Esa era a nosa pregunta e se quere volver a respondernos outra vez, pois fágao. Señor Magariños, xa non vou volver a intervir, non se preocupe vostede que xa lle toca agora.

Sr. Alcalde: Moi ben, creo que xa está suficientemente contestado ese tema. Sr. Magariños, ten vostede a palabra.

Sr. Magariños Maceiras, do BNG: Non é que xa viña mentalizado, non hai problema. Bueno, de feito eu hoxe teño unha boa dosis de rogos e preguntas. Primeiro rogo, aínda que a avenida de Santiago todos sabemos que precisa unha nova capa de rodadura, mentres non se realiza, deberíase bachear entón fágolle ese rogo de que se proceda a bachear o tramo que vai dende a rotonda de Figueroa ata o cruce coa Antón Losada.

Sr. Alcalde: Bueno, eu non quero mentir, pero eu creo que se bacheou a semana pasada, incluso eu pasei por alí e estaba recién bacheado, debeu ser a principios da pasada semana. É certo e coincidimos que xa non soporta moito máis bacheo e é certo que temos tamén un problema co tráfico pesado: por moito que se bachee esa pista ou esa carreteira, coa cantidade de tráfico pesado que hai alí, rapidamente se deteriora. De feito, creo que foi a principios da semana pasada cando se fixo unha actuación. Estamos pendientes de ver un pouco cales son as posibilidades a nivel orzamentario, ben a nivel do concello ou ben a través dos orzamentos que se aprobarán mañá inicialmente na Deputación de Pontevedra. E esa xunto coa calle Leicures posiblemente serán unha das actuacións prioritarias que agora mesmo en materia do casco urbano temos no concello da Estrada. De feito hoxe tivemos outra rotura na calle Leicures e está a xerar un problema importante ós veciños desa zona e, polo tanto, teremos que sacar os recursos de onde sea posto que son actuacións custosas, pero teremos que buscar a forma. Evidentemente, esas dúas actuacións teremos que facelas.

Sr. Magariños Maceiras, do BNG: A situación na que está a verdade é que non se lle nota, pero agora que o dicía, é verdade que había alí uns buratos que non están que paso tódolos días por ela. Que se desbroce a estrada Baloira-Pontecesures, outro dos rogos que lle fago. Moitos veciños e veciñas da rúa Fernando Conde dinnos que se senten abandonados respecto do outro barrio da vila. Eu creo que todos coincidimos con isto. Non hai proxectos de humanización e sobre todo hai unha falta clamorosa de limpeza. Entón, o rogo que lle fago é que se proceda á limpeza desta rúa.

Sr. Alcalde: no que respecta á estrada Baloira-Pontecesures, esa é unha estrada da Xunta, non é do concello.

Sr. Magariños Maceiras, do BNG: Ah si, pero coas boas relacións que hai co goberno da Xunta.

Sr. Alcalde: Para que vexa que somos un goberno eficiente, esa xestión está feita desde fai quince días xa. E de feito, si se da conta vostede a maquinaria da Xunta está a traballar xa na carreteira de Santiago á Estrada, que foi a P841, que foi á que se lle deu prioridade, e lle pedimos que nese plan de desbroce despois acometera as carreteiras, as estradas autonómicas. Fai exactamente quince días que eu falei co responsable de carreteiras da Xunta de Galicia na provincia de Pontevedra por ese tema. No que respecta á rúa Fernando Conde, unha vez máis, non lle podo quitar razón. Hai tres rúas na Estrada, fundamentalmente, que eu creo que están nun estado moi mellorable, a calle Leicures, a calle do Muiño e a calle Fernando Conde. Son tres rúas que se humanizaron ou se urbanizaron fai moitos anos e que evidentemente dicirlle que a calle Leicures, as roturas non son por casualidade, as roturas que temos no abastecemento de auga, son pola tubería antiga que temos nesa zona e aí parece que merece unha actuación, pero é unha actuación moi custosa. É unha pena que esa necesidade que existe que non é de fai seis meses, que é de bastante máis, que algo deses 14 millóns de euros que nos tocaron na lotería, non os houberan destinado a esas obras, que eran fundamentais e importantes. É unha pena que teñamos que ser nós agora, sen recursos, quen as teñamos que facer, pero asumimos a nosa responsabilidade e temos que intentar sacar os recursos para poder actuar sobre esas tres rúas que, eu creo que son importantes, e desde logo moi mellorables, por suposto.

Sr. Magariños Maceiras, do BNG: Seguindo cos rogos, fágolle o rogo que se limpe o lixo que hai na entrada da ponte colgante de Couso que da unha imaxe lamentable, desde o punto de vista turístico do noso concello e que se adecúe esta entrada. Se ben é certo, basicamente non ten competencia na marxe do río, o concello si pode facer as xestións con Medio Ambiente para que procedan a actuar.

Sr. Alcalde: A zona de entrada da ponte?

Sr. Magariños Maceiras, do BNG: Si, a zona de entrada da ponte, o que corresponde á zona da Estrada, sobre todo, se o comparamos coa outra beira do río que está noutro estado máis apetecible.

Sr. Alcalde: Moi ben.

Sr. Magariños Maceiras, do BNG: E o último rogo, que se someta a exposición pública todos aqueles proxectos que afecten á reordenación urbanística, tal e como marca a lei. Aquí poñemos o exemplo da Porta do Sol e do campo de fútbol. E que non sei se chamarlle da Baiuca ou de Figueroa, porque claro agora a actuación di que é na Baiuca pero non é na Baiuca, entón..., como non ten nome, deixámolo así, do campo de fútbol.

Sr. Alcalde: Sabe vostede Sr. Magariños que todo o que afecta a nivel urbanístico, evidentemente, ten a súa fase de exposición pública, como todo, legalmente é así. Polo tanto, entendemos que así se está facendo e así se deba de facer. Outra cousa é que vostede diga que este goberno perda lexitimidade e se dedique a consultar todas e cada unha das decisións que toma, no ámbito das súas competencias. Eu creo que ata aí podíamos chegar, e senón facemos un goberno asembleario, en vez dun goberno plenario e aquí, que opine todo o mundo, non?, estilo movemento 15M.; vimos aquí, cada un que opine e, estou convencido de que non se fará absolutamente nada. Polo tanto, para iso temos un goberno cun órgano de goberno que é o pleno e despois o alcalde cos seus concelleiros que teñen que tomar as decisións e, en función dos recursos e das posibilidades e da planificación, toman decisións. Home, eu xa lle digo, entendo que vostede é da outra banda, neste caso, e mire que nos entendemos en moitas cousas pero, neste caso, é vostede da outra banda do río, vostede é dos que preferían tirar 450.000 euros nunha chapuza na Baiuca que facer unha obra que ten unha previsión e unha planificación de futuro. Eu xa sei que vostede é do outro bando, neste caso, pero tamén creo que vostede é bastante razoable e, aínda que

publicamente non o recoñeza, en privado pode entender que é unha boa xestión, que se conseguiron 600.000 euros máis da Deputación, que non ían vir para A Estrada, que conseguimos implicar unha administración en facer un proxecto que é tres proxectos en un e nos vai a permitir avanzar na planificación urbanística, porque eu recórdolle que os espazos verdes ou as zonas comúns do Plan Xeral non se obteñen por ciencia infusa. Obtéñense ou por algunha ferramenta de planeamento urbanístico ou a través de expropiacións, inevitablemente. E nós con este movemento conseguimos incorporar 45.000 metros cadrados de zona dotacional e zonas verdes a maiores ó Plan Xeral da Estrada co que complementa o deseño urbanístico do Plan Xeral. Nunha zona ademais importante que é a zona deportiva e a zona de rúa da Cultura. Hombree, con iso conseguimos tamén un solo dotacional que ía ser obrigatoriamente destinado a un campo de fútbol, aparte de utilizalo para calquera dos usos permitidos en solo dotacional, docente, educativo, socioasistencial, calquera dos usos permitidos en dotacional se poden construír na Baiuca. Polo tanto, abrimos unha porta a maiores a ese desenvolvemento e a ese proxecto futuro. Bueno, eu xa sei que vostedes preferían quedarse co seu proxectiño de poñerlle catro andamios á grada da Baiuca, cambiar catro bloques, de deixar os vestiarios como están, de facer unha actuación mínima, de gastar 420.000 euros nunha actuación mínima, que non está mal, que non está mal, para evitar que se caera a grada. E preferían seguir criticando ó partido popular de que gastamos os cartos da Baiuca en Callobre e de que, o final enganamos ós estradenses porque non fixemos nada na Baiuca. Eu xa sei que ese discurso era o que preferían vostedes e que utilizaron ata que este goberno lles presentou este novo proxecto e agora, entón agora é sumarse á crítica. Olvidámonos xa da crítica anterior porque xa caeron e xa descubriron a súa mentira e agora empezan a criticar outro proxecto distinto. Bueno, asumímolo e, desde logo, asumimos esa actuación, pero bueno, eu creo que A Estrada vai a recibir un millón de euros para un proxecto que, doutra forma non os ía a recibir. Eu creo que neso, 700.000 euros máis, neso algo ben faría este goberno. E dicían vostedes que eses terreos xa se expropiaran, os da Academia, e que había que ter coidado coa titularidade dos terreos. Hombree, é certo que se expropiaron pero eran da Xunta de Galicia e, con esta xestión conseguimos que a Xunta de Galicia nolos devolva, 45.000 metros cadrados, aproximadamente, a valoración 1.200.000 euros, tirando por abaixo, que se incorporan ó patrimonio do concello, de forma gratis. Os podemos incorporar ó noso patrimonio, máis a construción do novo campo de fútbol asumida pola Deputación, máis a liberación dos terreos de aquí. Home, pódese ver con moitos puntos de vista e con moitos ollos, sinceramente, eu quedome co noso proxecto e non co seu, sinceramente. E, a partir de aí, evidentemente cada un ten que sacar as súas conclusións. E participación pública está moi ben, está moi ben cando realmente hai que someter un proxecto a unha Mesa Local de Comercio ou cando hai que levalo a un Consello Económico e Social ou cando, como na praza de abastos, que entendemos que deben de participar os veciños. Pero bueno, este goberno non é un goberno saído do movemento 15M, non é un goberno asembleario, é un goberno lexitimado polos votos e, polo tanto que ten a obriga de tomar decisións e non pode ceder esas obrigas, como debe ser normal.

Sr. Magariños Maceiras, do BNG: Eu non me estaba referindo a iso pero bueno, váleme como resposta. Que conste que si teño ganas de ver ese campo de fútbol, tendo en conta o custe que vai a ter e vendo como outros campos de fútbol que paga a Deputación que teñen un custe sensiblemente menor (ó mellor 500.000 ou 600.000 euros menos co campo de fútbol novo da Estrada). Teño ganas de ver, porque ten que ser unha cousa digna de ver, sobre todo tamén ver como vai a ser un campo de fútbol, que lle vai a implicar ás arcas municipais, por ese gran convenio que logrou asinar o concello da Estrada coa Xunta. Claro, non falamos, como moito como moito se di, se non me falla a memoria, de 20.000 euros que lle vai a custar ó concello da Estrada anualmente o uso da piscina, pero bueno, teño ganas de ver ese campo de fútbol, porque ten que ser algo espectacular realmente en comparación con outros campos da provincia. Agora paso ás preguntas que aquí si teño unha boa chea delas. Primeira, atopouse financiamento para o arranxo do vial Portela – Souto de Veá?

Sr. Alcalde: *Atopouse financiamento? Financiamento non se atopa, Sr. Magariños, fai moito tempo que non se atopa financiamento. Atopábase antes, agora hai que buscalo, pero buscalo ata no último recuncho. O vial Portela – Souto de Veá, como outros moitos, é un compromiso deste goberno. Eu o dixen no seu momento e me ratifico nel. Polo tanto, non é que se encontrara senón que está o proxecto redactado e está fiscalizado por intervención e, eu espero que non máis alá de dous meses, do mes de xullo, este en licitación. Unha obra que lle recordo que se vai a 867.000 euros de execución. Ai é nada, nestes momentos. E que conseguimos que a Deputación asuma na súa integridade e ademais cunhas melloras substanciales no que vai ser o ancho da plataforma e no que vai ser tamén a construción dunhas sendas peatonales que permitan a mellora da calidade de vida dos veciños desa zona. É unha actuación ambiciosa que desde logo pode ser realidade exclusivamente (e vostede sabe ben o difícil que é porque en catro anos que estiveron no goberno non foron capaces de facelo, o sea, imaxínese o difícil que é facer esta actuación). No primeiro ano de goberno o noso compromiso fai que ese proxecto estea redactado, estea intervido, pasada xa a intervención provincial da Deputación de Pontevedra e se poida iniciar a súa licitación, xa lle digo, en cuestión de dous meses comezamos coa licitación desa obra.*

Sr. Magariños Maceiras, do BNG: *E a seguinte pregunta era cando ten previsto a Deputación iniciar as obras de arranxo? O sea en tres meses ou catro meses.*

Sr. Alcalde: *É un procedemento de contratación, 867.000 euros, supoño que se presentarán moitas empresas e en función do tempo que tarde o propio proceso de tramitación e de resolución, pero eu entendo que non máis alá do mes de outubro debería de estar a obra en marcha.*

Sr. Magariños Maceiras, do BNG: *No mes de outubro, si, coincidenme as datas a min tamén. Sabe o goberno municipal cando ten pensada a Administración autonómica poñer en funcionamento o centro ictioxénico de Couso, que está neste momento sendo pasto de los amigos de lo ajeno.*

Sr. Alcalde: *Pois si. Esa obra acabouse no 2005, creo recordar. Estamos no 2012. Pasaron catro anos dun goberno bipartito e case outros catro do goberno do PP e non fomos capaces de poñer a posta en marcha dese centro ictioxénico. E é unha deuda pendente que temos e o peor de todo, como vostede sabe, ese centro ven dun pacto que firmou a Xunta de Galicia no ano 2003 coas compañías eléctricas polo aproveitamento dos ríos e a cambio se fixo esa actuación. Naquel momento, Unión Fenosa, unha actuación de aproximadamente 700.000 euros, que nunca chegou a poñerse a funcionar e cando no ano 2009, no cambio de goberno, eu fixen as xestións co Director Xeral, co Sr. Borragón, de quen depende, da súa Dirección Xeral, ese proxecto, empezou os trámites con Unión Fenosa para recuperación dese centro e nese “impás” foi cando houbo (porque quérolle recordar que nos catro anos do bipartito nin se reclamou a propiedade dese centro, é dicir, ese centro seguía sendo titularidade de Unión Fenosa, non se fixo nin sequera o trámite para solicitar, para pedir a reversión dese centro á Xunta de Galicia, asegúrollo que teño eu a documentación). No 2009 se inician os trámites, se pide a cesión dese centro para aceptalo por parte de Patrimonio, por parte da Consellería de Facenda da Xunta de Galicia e, entre trámites, Unión Fenosa é absorbida por Gas Natural e, polo tanto o centro de toma de decisións pasa a Barcelona e, se retrasa e se dilata todo este proceso. E eu, fai escasas tres semanas, volvin a falar, tiven oportunidade de estar co Director Xeral aquí na Estrada e me trasladou que aínda non tiñan a contestación de Gas Natural-Unión Fenosa para trasladar a propiedade deses terreos e poñelos en funcionamento. De feito, é un tema que haberá que valorar porque a súa posta en marcha vai a supoñer un custe de persoal e, neste momento, haberá que buscar distintas fórmulas para que no momento en que poidase poñelo en marcha poder xestionalo. Pero aínda nos queda un camiño que está en mans do propio Director Xeral e entendo que nun prazo razoable de tempo teremos que buscarlle unha solución.*

Sr. Magariños Maceiras, do BNG: *Ten o goberno municipal definido o modelo de usos da praza de abastos?*

Sr. Alcalde: Bueno hoxe procedemos á apertura dos sobres das ofertas para a redacción do proxecto de execución da praza. Hoxe foi a apertura do primeiro sobre. Nesa parte si vai nas ofertas que se lles mandaron ós arquitectos invitados a ese procedemento, si vai un deseño do que saíu da parte do anteprojecto e da parte da exposición pública, da exposición ó público, dos usos e a partir de aí son os propios arquitectos, dentro da documentación remitida ó Ministerio para a consecuencia deses fondos Feder máis o anteprojecto básico máis a aportación cidadá, son os que vaian deseñando o plan de usos e a estética e a funcionalidade do proxecto.

Sr. Magariños Maceiras, do BNG: Sorpréndeme que vostede diga que non cree no movemento asembleario, no movemento 15M, a independencia do goberno; e, efectivamente, o goberno ten que ter independencia, ten que marcar os proxectos de usos e que aquí me estea dicindo que unha exposición pública na que cada quen opinaba o que lle parecía, e esa opinión do que a cada quen lle parece llo pasamos ó grupo de arquitectos; pensei que o goberno tiña claro, como ten capacidade de decisión, decide e ten criterio, pensei que tiña claro o plan de usos, e vexo que non.

Sr. Alcalde: Sabe vostede que esa participación é obrigada polo propio proxecto, Sr. Magariños. Non é que nós queiramos facela ou non queiramos, e que o propio proxecto, a propia planificación dos fondos FEDER nos obriga ou nos aconsella unha serie de pasos que temos que facer, e un deses pasos é a participación pública que, como ben sabe vostede, puxemos en marcha fai uns meses, cunha serie de documentos para que a xente puidera aportar as súas ideas. Polo tanto, nós cumprimos cos requisitos que nos manda o Ministerio e a Unión Europea no uso dos fondos FEDER, no uso dos fondos europeos. E aí é onde, xa lle dixen, o goberno anterior fixo unha planificación, un plan de uso sobre a obra e a medida que vamos vendo que é o que se pode facer nese proxecto; porque, por moito que queiramos facer nós...; no noso plan de usos iría un parking subterráneo e non o podemos facer porque o proxecto xa ven acotado e non hai posibilidade. O noso plan de usos vería facer algunhas cousas que realmente o proxecto xa como naceu é imposible levalo a cabo. E o que temos que facer agora é reunir toda esa información e evidentemente tomar a decisión que é a quen lle corresponde, ó goberno, á Mesa Local de Comercio, ó Consello Económico Social e ós partidos políticos que van a poder opinar sobre ese tema.

Sr. Magariños Maceiras, do BNG: Cando pensa o goberno que se poden iniciar as obras?

Sr. Alcalde: Bueno pois a previsión, a planificación que temos agora mesmo é poder estar coa obra adxudicada, previsiblemente, no mes de setembro. Ese sería o noso obxectivo. Agora mesmo estar en setembro coa obra adxudicada e co inicio dos traballos na plaza de abastos.

Sr. Magariños Maceiras, do BNG: Cando se vai a poñer en marcha a administración electrónica que se aprobou no ano 2006 cun custe de 120.000 euros?

Sr. Alcalde: No da administración electrónica é mellor non entrar porque desde logo, este concello practicamente está no século XIX en relación ós trámites e á proximidade da administración ó cidadán. Creo que se está avanzando bastante, estamos intentando poñer unha serie de circuitos máis áxiles para os veciños para que poidan utilizar e poidan ter ferramentas para poder comunicarse coa administración dunha forma máis áxil; e estamos tamén incorporados dentro dun proxecto da Deputación de Pontevedra para implantar un sistema de administración electrónica único nas administracións locais. Unha parte dese custe vaino asumir a Deputación, outra parte o vai asumir a Xunta de Galicia a través da Consellería de Presidencia, e nesa liña se están traballando. E teñen deseñados unha serie de programas específicos para as administracións locais, xestores documentais e sobre todo aspectos de mellora na tramitación de expedientes para poñer en marcha nos concellos de toda a provincia de Pontevedra e homoxeneizar un pouco tódolos procedementos, o sistema de licenzas, o sistema de taxas e prezos públicos, o que é o propio trámite que hai que facer

a nivel administrativo... Nesa liña estamos traballando, e lle podo garantir que levabamos no orzamento deste ano 45.000 euros para poder acometer esa reforma, ese proxecto de e-administración e, previsiblemente, eu espero que ó longo deste ano nos poidamos sumar a este proxecto da Deputación e da Xunta de Galicia para poñelo en marcha e que sexa unha realidade xa no século XXI cunha administración á altura do que realmente merece o cidadán da Estrada.

Sr. Magariños Maceiras, do BNG: *Temos dado conta en reiteradas ocasións da existencia dun vertedoiro entre Gondomar de Abaixo en San Xiao de Vea e Ribeira, Santo André de Vea, que está sen limpar, cando se vai a limpar? Un vertedoiro incontrolado.*

Sr. Alcalde: *Pois tomamos nota e llo pasamos ó concelleiro que leva os temas de medio ambiente para que proceda a limpalo.*

Sr. Magariños Maceiras, do BNG: *Cando imos ter coñecemento do PXOM?*

Sr. Alcalde: *Pois, o Plan Xeral, eu espero que nos próximos meses poidamos ter xa algo sobre o que traballar de forma decidida. Se está facendo un traballo importante, un traballo intenso entre o equipo redactor e os técnicos municipais, creo que é digno tamén recoñecer o esforzo e a dedicación que están poñendo os propios técnicos do concello para traballar nesa adaptación do documento e nesa mellora da calidade do documento para que sexa máis aplicable á realidade diaria do concello. E eu sigo mantendo o compromiso de que este ano 2012 ten que ser o ano do Plan Xeral. Polo tanto, falamos de que seguramente este verán serán uns meses importantes para o avance nese documento tan ansiado por todos.*

Sr. Magariños Maceiras, do BNG: *Como está a tramitación da Cidade do Moble?*

Sr. Alcalde: *Pois a tramitación da cidade do moble está aprobado o proxecto sectorial, como sabe vostede, incorporado ó planeamento urbanístico porque é un proxecto de interese supramunicipal e polo tanto, vai ó marxe do Plan Xeral. A diferenza do que algúns dicía de que, ó non haber Plan Xeral non había Cidade do Moble. O Plan Xeral vai por un camiño e a Cidade do Moble ten interese supramunicipal que é ó marxe do planeamento que haxa en vigor ou que haxa en tramitación. Polo tanto, está aprobado, se fixeron uns cambios para poder resolver o problema que había de impacto ambiental, e agora mesmo, estaríamos en condicións de poder empezar a valorar a posibilidade de iniciar. Quedaría o proxecto de expropiación e o proxecto de execución, que se podería facer nun prazo relativamente rápido, pero todo parece indicar que neste momento, a situación económica dificulta poñer en marcha un proxecto que ascende a case corenta millóns de euros.*

Sr. Magariños Maceiras, do BNG: *Está solucionado o problema catastral dos veciños que teñen propiedades nesta Cidade do Moble que están pagando os solares como solo industrial?*

Sr. Alcalde: *Os veciños mantiveron unha reunión comigo fai uns meses. Eu me comprometín a trasladarlle o tema, a problemática, a catastro. Sabe que esa non é unha competencia municipal. É catastro, como en calquera outro espazo. Sabe que aquí nos últimos anos se actualizaron os valores do polígono privado de Toedo, da actuación do plan parcial de supermercados LIDL e do plan parcial do proxecto sectorial da Cidade do Moble. Son ámbitos que eran solo rústico e que a través da correspondente ferramenta de desenvolvemento urbanístico pasaron a ser suelos clasificados como urbanizables ou urbanos xa, non?. Polo tanto, cambia a clasificación, cambia o valor patrimonial que teñen os propietarios e, como vostede ben sabe, cada un tributa polo valor que ten a súa propiedade. Non vale o mesmo unha finca rústica que unha finca urbana, que unha finca urbanizable. O que se fixo foi esa actualización, e eses veciños teñen agora mesmo un problema que é que lle aumenta o pago da contribución pero teñen unha vantaxe que é que lle incrementa substancialmente o valor da súa propiedade tamén, porque están en solo urbanizable. Si é certo que se ese proxecto non se vai a levar a cabo, pois parece razoable de intentar que catastro espere a aplicación*

dese valores a que haxa unha previsión de poder desarrollarse ese proxecto, e iso foi o que nos comprometemos e previo informe dos técnicos municipais se remitiu a catastro para a súa valoración. Ese foi o trámite que nos comprometemos a facer e, desde logo, o que fixemos, e esperamos a ver cal é a resolución por parte da Xerencia Territorial de Catastro.

Sr. Magariños Maceiras, do BNG: Pero o trámite está feito, non? Xa lle pasaron os informes ó catastro?

Sr. Alcalde: Dese problema, como comprenderá vostede, temos máis. E desde fai moito tempo, non é de agora. E sabe vostede que, nas normas transitorias do ano 78 había solos que eran urbanizables e, desde que temos a normativa subsidiaria, perdón desde que temos a norma subsidiaria do 78, a normativa transitoria, eses son solos rústicos pero sen embargo seguen pagando como urbanizables. E este é un problema que se arrastra desde o ano 2005 e non en nun nin en dous casos dos casco urbano, é en moitos casos. De xente que agora mesmo, coa normativa actual so podería construír en situacións determinadas no solo urbano consolidado, que está pagando por uns valores en solo urbanizable que lle cualificaban as normas do 78 pero que realmente non teñen nin van a ter, ata que estea aprobado o Plan Xeral. Entón, é un tema que xurdiu na Cidade do Moble pero é un tema que se arrastra de moito tempo e que, bueno, eu creo que a solución será a aprobación do Plan Xeral para poder intentar que, polo menos, eses terreos teñan a cualificación urbanística pola que están pagando, o tributo a nivel de contribución.

Sr. Magariños Maceiras, do BNG: Ten pensado o goberno algún plan para eliminar as barreiras arquitectónicas?

Sr. Alcalde: Si, fixemos algunha actuación concreta no tocante sobre todo, ás zonas de pasos de peóns. É certo que todo esforzo é pouco en materia de persoas con problemas de mobilidade, e si nos chegaron algunhas aportacións por parte de veciños que detectaban, ou problemas en zonas que xa se fixeran actuacións e aínda así se xeraban problemas e se actuou. No entorno da praza da Farola e no entorno da rúa Don Nicolás e da rúa Antón Losada. Tamén na rúa Irida. E seguramente nos queden actuacións por facer e, desde logo, a nosa idea é seguir cumprindo unha obriga que temos como goberno, que é habilitar todas esas zonas a calquera persoa, independentemente deses problemas de mobilidade.

Sr. Magariños Maceiras, do BNG: Ten valorado o goberno a incidencia da crise no número de establecementos comerciais que teñen pechado?.

Sr. Alcalde: Pois non temos unha valoración feita a nivel cuantitativo, pero si é certo que hai unha evolución preocupante no comercio local. Tamén é certo que conseguimos xestionar por segundo ano consecutivo, tendo en conta a problemática existente que a Dirección Xeral de Comercio mantívese as axudas ás asociacións de comerciantes. Hai que decatarse que a Xunta está aportando aproximadamente 54.000 euros ó ano á asociación de comerciantes da Estrada. Aí se fixeron xestións coa Dirección Xeral de Comercio para que mantivesen cando mínimo esa aportación este ano, nunha situación económica complexa e baixando as aportacións das administracións. Fixemos tamén unha aportación nos presupostos municipais, un esforzo para colaborar con ACOE, para a Asociación de Comerciantes, e estamos tamén traballando no proxecto dese punto local de Comercio, nese centro onde se poidan aunar tanto as casas de turismo rural como a hostalería, como o comercio local, para intentar reactivar esa economía local. Temos e levaremos ó próximo Consello Económico Social unha liña específica de apoio de 24.000 euros para emprendedores, dirixida sobre todo a pequenos empresarios e autónomos para que poñan en marcha o seu negocio e o valoraremos coa oposición e cos distintos colectivos a forma de implementar esas axudas. Desde a administración local, cas competencias que temos, que sabe vostede que son poucas, creo que neste momento estamos facendo un esforzo importante. Ó final, a situación é a que é e se está cebando co pequeno comercio e cos

autónomos, e temos que intentar planificar para poder revertir esa situación que realmente é preocupante.

Sr. Magariños Maceiras, do BNG: Ten pensando algún plan específico de dinamización do comercio local?

Sr. Alcalde: Si. Esta liña de axudas que por primeira vez se pon en marcha no concello da Estrada, por primeira vez na historia. É unha aportación, son 24.000 euros; posiblemente haxa que valorar a posibilidade de incrementala en función de como vaia funcionando, pero eu creo que basicamente vai orientado ó autónomo e ó pequeno comercio, porque son máis ou menos os perfíles ós que queremos enfocar este tipo de axudas. Independentemente diso, de pouco valen as axudas se os comercios non son rentables e viables. Se non se vende, por moita subvención e por moita cultura da subvención que teñamos, non vamos a manter artificialmente o comercio. O comercio ten que subsistir polos seus medios e, evidentemente nós temos que apoialo e así está sendo, pero está claro que hai unha coiuntura económica adversa e o primeiro afectado é o consumo, e cando baixa o consumo, o comercio evidentemente ten un problema. Por iso, eu comparto e espero que as políticas que está poñendo en marcha o partido popular a nivel nacional sirvan para recuperar o pulo e para recuperar o impulso e suban e, sobre todo, para tocar fondo dunha vez e empezar xa a ver un pouco a saída do túnel e ver xa o futuro con algo de optimismo. Porque ata o de agora, por desgraza, todo son malas noticias e a economía se move por impulsos. A economía, ó final, como ben sabe vostede, é unha cuestión de perspectiva ou de previsión, se hai unha previsión de que as cousas evolucionen ben, a economía seguramente avance e senón, está contraída. Por iso, eu espero que entre todos sexamos capaces de cambiar esta situación que desde logo nos tocou vivir, que é unha situación dramática.

Sr. Magariños Maceiras, do BNG: Esperemos que as medidas dos goberno do partido popular da Estrada sexan máis efectivas que as medidas do goberno do partido popular do Estado, no que se refire á economía e á mellora da calidade de vida dos cidadáns no aspecto económico, pois desde logo non se ve que teña moito resultado. Pero bueno, outra pregunta: cando se vai a poñer en funcionamento o saneamento de Tabeirós, en Vilarreal, Couso e Santa Baia?

Sr. Alcalde: Pois, como ben sabe vostede, na primeira parte da súa apreciación eu tamén espero que as medidas que se tomen se acerten porque está claro que, vostedes como partido político, apoiaron os peores anos do zapaterismo en España. Aquí non nos podemos ir de rositas, teñen unha facilidade para cambiar a tortilla de volta un tanto especial, pero son vostedes os responsables de meter no burato a España. E, por encima intentaron saír do burato, intentaron saír do burato, cabando para abaixo en vez de ir cara arriba e cada vez o burato foi máis grande. Polo tanto, son vostedes cómplices necesarios: acórdome eu daquela frase do seu líder político, " a cooperación intelixente " que facían con Madrid. Vostedes regalábanlle o voto a cambio de nada, esa era a cooperación intelixente do BNG, e iso foi o que levou tamén o señor Zapatero con dúas minorías (nunca tivo maioría absoluta o Sr. Zapatero), con dúas minorías no Parlamento, no Congreso, a sustentarse no BNG para levarnos á ruína, como nos levou. Claro, criticar agora... Eu estou convencido que temos un goberno que será capaz de remontar o modelo nas peores circunstancias da democracia e na situación na que deixaron o país, que é un auténtico solar sen ningún tipo de posibilidades de reconstruír nada. Hai que empezar de cero e, en esa liña, eu teño a miña plena confianza de que así será.

No que respecta ós saneamentos, eu non sei se sabe vostede o que pregunta, pero se quere deixámolo para outro pleno e o falamos cando vexa vostede os expedientes desas obras de saneamento que, en teoría están certificadas e pagadas e parte delas están sen facer. Entón, bueno, son obras daquel famoso Plan E que, como caeron do ceo se fixeron daquela maneira, están incompletas. Faltan elementos importantes desas obras que, en teoría, estaban licitadas para ser rematadas por completo e non o están; e aí teremos que buscar recursos adicionais. Esas obras tiñan que estar feitas e tiñan que estar funcionando. En función do proxecto e da obra e dos fondos que viñan do Plan E e do Plan FEESL, esas

obras que vostede pregunta tiñan que estar funcionando fai dous anos e non están. Intentaremos sacalas adiante como nos pasou coa Praza de Oca e como nos pasou coas aceras de Codeseda e como nos pasou con outras moitas obras que deixaron empantanadas e teremos que resolver. Pero bueno, eu teño confianza en que, ó final, seremos capaces de solucionalo.

Sr. Magariños Maceiras, do BNG: Non, se a min me vale un contestareille por escrito, se me contesta váleme. Pero non se preocupe. Ten xa o goberno valorado o incremento dos ingresos motivado pola actualización catastral de bens inmobles?

Sr. Alcalde: Pola..., perdón?

Sr. Magariños Maceiras, do BNG: Pola actualización catastral dos bens inmobles. Xa lle preguntara, creo que fai dous ou tres plenos, e me dixeran que aínda non a tiñan.

Sr. Alcalde: Si si temos, o único que se fixo, de momento, foi o que, digamos, un período voluntario no que acudiron (agora fállolle de memoria), entre novas altas e actualizacións, non quero fallar á verdade, pero creo que en torno a 500 ou 600 persoas, 500 ou 600 inmobles, de forma voluntaria. Abriuse o período, o prazo, e esas foron as persoas que se acercaron ás oficinas a actualizar os seus datos. Non é unha actualización catastral. Non confundamos cunha nova ponencia de valores ou unha nova actualización de valores. Estamos facendo unha revisión das vivendas que non están declaradas, que non están pagando e que, ben porque sufriron unha reforma importante ou ben porque se construíron de novo, teñen que pagar. E aí, eu creo que, aproximadamente (é difícil de calcular, porque non hai aínda os valores catastrais outorgados a cada unha desas propiedades), hai en torno de 500 ou 600 propiedades que, de forma voluntaria, se deron de alta. Pero parece indicar polos datos que se manexan que, seguramente haxa máis, todavía máis vivendas que non pagan o imposto do IBI e que non acudiron a ese expediente de regularización de vivendas, a nivel de catastro.

Sr. Magariños Maceiras, do BNG: Ten xa valorado tamén o incremento de intereses motivado pola actualización dos padróns municipais?

Sr. Alcalde: Non. A valoración económica sabe que depende dos servizos económicos, nós calculamos nos orzamentos municipais, se non recordo mal tamén, porque isto a veces de falar de memoria ten os seus problemas tamén, pero eu creo que entre un 8 e un 10 % de incremento na recadación dos padróns municipais por esa actualización, Aproximadamente (os datos creo os puido ver estes últimos días na prensa) podemos falar en torno a 1.500 persoas que non pagan algún dos tres tributos, que non paga ou auga, ou recollida de lixo ou saneamento, que están obrigados a pagar os tres e que non pagan ou un ou dous ou os tres; en torno a 1.500 persoas. E despois, tamén hai varios e como están intentando identificar algo tan sencillo como que haxa unha referencia única para tódolos impostos que paga un ben inmueble, por exemplo unha vivenda, que é a referencia catastral, non estaban referenciados esa referencia catastral. Unha estaba por DNI, outra estaba por nome, outros por dirección..., era un autentico desaguisado. O que está facendo este departamento é homoxeneizar o concepto polo que se colgan os tributos e que vai a ser a referencia catastral. E coa actualización catastral tamén están saíndo impostos ou propiedades que non pagan impostos. En definitiva, eu entendo que superará as previsións que tiñamos feitas no orzamento 2012 que xa contemplabamos este traballo, que na propia memoria da alcaldía si figuraba e que xa repercutía ó orzamento, no capítulo de taxas, impostos municipais, ese incremento entre o 8 e o 10 % na recadación. Sempre derivado da actualización e da inspección tributaria. Nunca derivado da modificación das taxas, como se dixo aquí moitas veces, que este goberno ía subir as taxas; as taxas están conxeladas. E, polo tanto, o que fixemos foi traballar sobre os padróns para que aquel que recibe o servizo, que pague, non? Eu creo que é algo de xustiza social e así debe ser.

Sr. Magariños Maceiras, do BNG: *Xa valorou o goberno os custes-beneficios do apagado do alumado no rural?*

Sr. Alcalde: *Si. Custes? Os que temos que asumir inevitablemente. Xa sei que non é prato de bo gusto apagar unha luz, é máis bonito poñer puntos de luz, eu creo que é moito máis gratificante chegar cun camión de postes de puntos de luz unha semana antes das eleccións para repartir como os veciños queiran, eu sei que iso é máis gratificante e se fixo neste concello. A nós tocounos a parte fea, tocounos a parte de intentar poñer algo de orden. E, aproximadamente, a planificación que temos supera os 2.000 puntos de luz, aproximadamente. Estamos en torno ós 2.000 puntos, algo máis, que se apagaron temporalmente, porque nin se retiraron nin os báculos, nin os postes nin o cableado. Temporalmente se fixo o apagado para ver a evolución, e estamos comprobando mes a mes o aforro, estimado si o podemos ter calculado entre 150.000 e 180.000 euros ó ano. Pero sabe vostede que isto é moi difícil de calcular, igual que todas estas medidas de aforro enerxético. Coa variación da tarifa de Fenosa, da tarifa de último recurso e cos cambios que hai, é difícil homoxeneizar facturas dun mes a outro. Pero estamos intentando facer unha comprobación mes a mes para ver cal, entre meses interanuais, entre mes de xuño e mes de xuño e anterior, cal é a evolución da facturación e, sobre todo, máis que no importe, no consumo de kilowatios, non? Porque ó final é o que nos pode dar un pouco a medida, porque podemos reducir os kilowatios e aumentar a facturación, porque cos incrementos que está tendo a factura de Fenosa é moi probable que sexa así. Pero temos que intentar calcular de forma real, sen ese efecto de incremento de prezo, cal é o aforro que se está producindo e é algo, como entenderá vostede, complexo. Seguramente os teremos, eses datos, e cando os teñamos llos pasaremos*

Sr. Magariños Maceiras, do BNG: *Creo que entendín mal porque pareceume entender que vostede consideraba que houbo unha serie de puntos de luz que se puxeron sen necesidade e que, vostede está plantexando volvelos a encender. Pareceume entender, porque eses puntos de luz que, segundo o seu criterio, sobran (non sei se sobran ou non, porque non vin ningún proxecto nin para poñelos nin para sacalos), non se van a retirar fisicamente, osea que, en calquera momento se van a volver a encender.*

Sr. Alcalde: *Non se procedeu á retirada de ningún punto de luz, de ningún. O que se procedeu foi a un corte temporal do servizo para analizar e ver cal era a evolución e o impacto desa medida. Pero, evidentemente, non temos os 2.000 postes almacenados no depósito de Guimarei. É razoable que os puntos queden na súa situación, moitos deles son, incluso, postes pagados polo propios veciños. Fai anos, cando había unha colaboración máis estreita entre os veciños e o concello, os veciños pagaban o poste e o concello lle pasaba o cableado ou lle poñía o báculo. Naqueles momentos moitos postes son, en teoría, pagados polos propios veciños e propiedade deles, polo tanto, o que se está facendo en tódolos sitios, nin se está retirando nin o poste nin o báculo. O único que se está facendo é un corte do punto de luz e, evidentemente, en calquera momento e en calquera situación e en función da situación que vexamos, se pode tomar unha decisión ou outra. Está claro que o primeiro que hai que facer é ver se realmente ese tema produce o seu efecto. De feito, xa lle digo que, este ano este goberno non pediu ningunha axuda de aforro enerxético. Entendemos que son moitas as empresas que veñen polo concello a plantexar e, sinceramente, aquí o Sr. Espiño sabe algo máis diso, pero eu teño moitas dúbidas sobre a eficiencia deses proxectos, non somos capaces de comprobar cal é o aforro real que se produce con eses proxectos e esas inversións que a veces son moi considerables. Entendiamos que o importante agora era comprobar que si prescindiamos dun porcentaxe moi pequeno (porque realmente os puntos de luz comparado cos que quedan é un porcentaxe pequeno) dos puntos de luz do rural e facemos un aforro considerable no casco urbano, a ver canto é o aforro en consumo e en kilowatios que se pode xenerar.*

Sr. Magariños Maceiras, do BNG: *Entón espero alá á altura do mes de setembro ou outubro, co medo a que veña unha noite moi larga cara ó inverno e invernos sucesivos, non*

se encendan. Outra pregunta: xa se ten valorado por parte do goberno o plan de abastecemento de auga ás parroquias?

Sr. Alcalde: *Ten un humor hoxe un tanto amarillo, Sr. Magariños. Ten humor inglés. Nós non temos noites largas Sr. Magariños. Nós normalmente temos días felices, bos amaneceres contentos e felices polos bos resultados electorais, llo podo garantir. Están bastante máis acostumbrados vostedes a esas noites largas, “longa noite de pedra, que levan vostedes moitos anos asumindo. Así que nós normalmente solemos ter mañás alegres, non noites tristes. Pero nesa liña non se preocupe, que nós somos un goberno responsable, nós non vamos a chegar cun camiión de puntos de luz tres días antes das eleccións para colocar nas parroquias. Tranquilo que nós ese tema non o temos previsto facer, estea vostede tranquilo. E no que respecta á pregunta que vostede facía...*

Sr. Magariños Maceiras, do BNG: *O plan de abastecemento de auga nas parroquias que fai uns meses...*

Sr. Alcalde: *O plan de abastecemento sabe vostede que tivemos unha reunión co presidente de Augas, estivo o conselleiro na Estrada, na apertura da Ponte de Pernaviva e aí falamos dese proxecto e nos dou o compromiso de asumir unha parte importante dese proxecto con fondos, previsiblemente, con fondos europeos. Non temos aínda o tema pechado pero, eu entendo que é así e de feito a semana seguinte xa se desprazou un técnico de Augas de Galicia para traballar conxuntamente cos técnicos do Concello da Estrada para comezar a elaborar ese proxecto. Eu dígolle que temos unha memoria valorada para facer as actuacións, desdoblar a rede da traída do Umia, para facer a actuación en Codeseda, para mellorar a rede de abastecemento na Sagrada, para facer a actuación en Chaín, Frades e Subión que queda pendente de facer, os depósitos e a canalización das augas ata as vivendas, para incorporar tamén, previa reunión cos veciños, a traída de auga de San Xurxo de Vea que dea servizo tamén ás vivendas, ó colexio e ó centro de saúde, pois posiblemente necesitaremos en torno a 1.200.000 euros completos, para poder facer esa actuación. Se está traballando nese proxecto, hai unha parte técnica que é complexa, hai que pedir permisos para as captacións e hai que ver onde se van a facer tódalas captacións e tódalas canalizacións e, despois, a parte da obra, quizais neste caso sexa menos complexa a parte da obra que a parte do proxecto. Por darlle un dato, as estimacións que temos para dar un servizo público de auga que no concello da Estrada, hoxe en día só ten o casco urbano, lle vamos a poder dar unha traída de auga pública, aproximadamente a 3.500 persoas máis das que temos agora. Son 3.500 vivendas e si se da conta vostede o padrón da auga da Estrada son 5.500 vivendas, que é o padrón, seguramente actualizado pase dos 7.000 pero, agora mesmo está en 5.500 o padrón da auga. Vamos case case, incrementar o 60% das persoas que poidan ter un acceso a unha rede de abastecemento de auga pública. O cal eu creo que é un servizo moi importante e moi demandado por parte dos veciños, e é unha actuación que vai supoñer un esforzo inversor considerable, no que temos que ir da man da Xunta de Galicia e no que o concello está tamén en condicións no orzamento municipal de poñer unha parte de recursos para poder sacalo adiante.*

Sr. Magariños Maceiras, do BNG: *E última: cando vai o goberno considerar que as súas actuacións son responsabilidades súas e non dos gobernos anteriores ou, mellor dito, do goberno anterior, porque vostede nunca fai referencia ós dezaseis anos de goberno, bueno de desgoberno do partido popular e a situación en que deixou A Estrada?*

Sr. Alcalde: *Home Sr. Magariños, cambiou vostede de tono para facerme esta pregunta. Co tono tan amable que estabamos mantendo nesta conversación.*

Sr. Magariños Maceiras, do BNG: *Para finalizar.*

Sr. Alcalde: *Non, pero tiñamos que ir de máis a menos. Para acabar ben. E así parece que acabamos crispados e despois non é bo esa imaxe que damos. Pero eu dígolle que dezaseis anos de partido popular..., isto recórdame a alguén que cando non é capaz de asumir un*

resultado a culpa é dos demais, non? Cando alguén di que “perdemos as eleccións e o pueblo está ó borde da locura por non votarme a mín”. Pois iso é parecido. Cando un goberno do partido popular estivo quince anos gobernando na Estrada, por algo sería, tan mal non o faría, Sr. Magariños. Tan mal non o fixo que ata xestionou, como din vostedes, xestionou mal e deixoulles case 800.000 euros en remanentes, en aforros. E o que recibimos nós despois de que vostedes deixaran o goberno foron 200.000 euros de deuda, de resultado presupuestario. De 800.000 euros de prazo fixo de aforro que tiñan vostedes do goberno do PP a 200.000 euros de pufo que nos deixaron na execución do orzamento do ano 2010, que tivemos que capar nós cos ingresos do 2011. Hombree, tan mal tan mal non está, non? De deixarlle practicamente as contas ó día e poder ter un resultado orzamentario ó ano seguinte importante e positivo, a nós o goberno anterior nos deixou 1.800.000 euros en facturas. Eu se quere cóntolle como as pagamos, mire: 600.000 cun préstamo ICO que lle pedimos a CaixaBank na liña de préstamo ICO do mes de setembro, un crédito extraordinario. Outros 600.000 euros que conseguimos recortando brutalmente o gasto e aplazando os 200.000 euros que lle debíamos a Augas de Galicia, uns 300.000, aplazándolle 200.000. E conseguimos pagar outros 600.000 euros en facturas de xullo para atrás, do goberno anterior. E outros 600.000 euros que, como no 2011 non fomos capaces de arreglar o desaguisado todo que fixeron vostedes, pois os metemos con cargo ós presupostos deste ano, do 2012, e que están pagados. Entón, son 6 máis 6 máis 6, son 18, 1.800.000 euros. Eu creo que está perfectamente claro de onde saíu o diñeiro e como se pagou. Esas facturas son facturas comprometidas no goberno anterior e que as deixaron a deber nesa política que teñen vostedes de “invito yo que pagas tu”, que é a que lle funciona perfectamente e lle leva funcionando moitos anos. Eu invito que xa virán outros a pagar, eu deixo pufo e despois xa virán outros a poñer as cousas en orde. Entón bueno, pois nós, vostedes deixaron a pufo 1.800.000, nós viñemos, pagamos o 1.800.000, asumimos as deudas con todo o mundo, mantivemos unha liña máis ou menos de estabilidade presupuestaria. Creo que fixemos un esforzo importante para desenvolver e para executar o orzamento deste ano e, eu estou convencido de que a nivel de xestión se vai a facer unha xestión óptima neste concello e se vai administrar o diñeiro como se ten que administrar, pensando que é diñeiro dos contribuíntes, que non é diñeiro noso, polo tanto, que non se pode gastar a mans cheas nin se pode gastar o que non se ten. E iso é algo que o goberno do PP, durante dezaseis anos non o fixo. Vostedes o dilapidaron en catro anos e nós agora temos que volver a poñer as cousas no seu sitio. Pero é a lei de vida, isto pasa en tódolos sitios e é cíclico e a nós sempre nos toca o ciclo malo e hai que asumilo. A ver se algún día podemos xestionar nós catorce millóns de euros de inversións que nos caían do ceo e poder decidir en que proxectos gastalos. Vostedes fixérono e creo que non acertaron, e nós sen eses catorce millóns de euros estámonos esforzando tódolos días por acertar. Llo garantizo, a veces fallamos porque está claro que é inevitable fallar, pero lle podo garantir que estamos tódolos días centrados en intentar acertar nas decisións que se toman e ir polo camiño correcto, que neste momento non é fácil. Algunha intervención máis? Non, eu non teño presa; xa saben vostedes que cando veño ós plenos veño sen ningún outro compromiso. Dedicome en exclusiva a isto, a contestarlle e intentar deixarlle as cousas o máis claro posible á oposición.

Sr. Magariños Maceiras, do BNG: É que hoxe veño cenado.

Sr. Alcalde: É unha boa costume Sr. Magariños, é unha boa costume. Antes de levantar a sesión como o regulamento de participación pública, de participación cidadá, perdón, aconsella: se hai algunha intervención por parte do público asistente?. Ten vostede a palabra. Perdoa, pásalle o DNI aquí.

Sr. José Antonio Duro de la Fuente: Boas noites a todos ante todo e, aproveitando a pregunta que fixo Magariños das traídas no rural. Comentaches que estaba en negociacións. De feito en San Xorxe temos unha comunidade creada e recibín unha chamada fai uns días dun técnico municipal solicitándome copia do proxecto para miralo co técnico de Augas de Galicia; e comentabas que era un tema un tanto complicado polo tema

das licitacións do tratamento dos mananciais. Recordarache que en San Xorxe xa hai un proxecto presentado en Augas de Galicia e non sei se iso vai a ter peso á hora de preparar as partidas e do comezo das obras. Quero pensar que vai a ser así. Non sei se o vai a ter ou non, e se queres responder agora ou se queres que convoquemos unha reunión co resto da directiva ou como ti queiras.

Neste intre abandona a sesión o Sr. Dono López

Sr. Alcalde: Contéstolle a esa pregunta. Está claro que o que se pretende é facer unha planificación integral. Nós pedimos ese proxecto porque, creo recordar que ese proxecto foi encargado polo concello pero, no concello non había copia. Intentamos recollela por parte do redactor do proxecto e tampouco nola puido achegar e por iso recorremos á asociación creada para tal fin para o tema do abastecemento da auga en San Xurxo. Para nós é unha actuación importante, polo feito de que xa hai uns pasos adiante importantes pero o que si planificamos con Augas de Galicia foi intentar sacar un proxecto conxunto. A idea é planificar de forma integral, e eu falaba da complexidade dos trámites administrativos; o desdoble da traída da auga do Umia non é moi preocupante; o tema da traída da auga de San Xorxe non sabíamos se tiña xa as autorizacións de Augas de Galicia. Cando estivemos na reunión, nin o técnico de Augas nin os nosos técnicos o sabían porque creo que o xestionaron directamente os veciños e o concello colaborou no que é a redacción do proxecto. Pero, en todo caso, claro que esas peculiaridades se van a ir estudando a medida que o proxecto se vaia deseñando e se, evidentemente temos posibilidades de acometer, teremos que ver a posibilidade de dispoñer dos fondos da Xunta. Os nosos fondos agora mesmo témolos a nivel presupostario, pero está claro que os nosos fondos non chegan para acometer ese proxecto que a Xunta quere licitar como unha unidade de actuación única. Por tanto, vamos querer acometer polo menos o desdoblamento da traída do Umia e Chain, Frades e Subión e San Xurxo de Veá, porque Codeseda podería ser unha actuación non tan complexa e Guimarei tamén. E o resto, a intención é licitalo e desenvolver o o proxecto de forma conxunta. Pero podemos estudar o de San Xorxe; e eu sei ademais que hai algún cambio importante porque bueno, falamos da posibilidade de facer unha traída veciñal a facer unha traída pública, co cambio que iso supón. Evidentemente, o queremos falar cos veciños e explicarlles que nós estamos pola labor de asumir ese compromiso. Quero recordar que é unha actuación en proxecto que supera os 560.000 euros, me parece recordar, de memoria falo, pero creo que son 560.000 euros, a actuación só en San Xorxe de Veá; é unha actuación importante onde temos que facer un esforzo importante as administracións e temos que tamén buscar a colaboración veciñal. Nesa liña si é unha das actuacións que temos prioritarias e que si vamos acometer, ben sexa no proxecto conxunto e que ó mellor podemos priorizar de cara ó ano que ven. Porque este ano vai a ser o ano dos trámites administrativos, de redacción do proxecto conxunto e todo iso. De cara ó ano que ven, podemos empezar a valorar a actuación en San Xurxo de Veá. Algunha outra pregunta por parte do público? Pois se non hai máis preguntas, agradecendo a vosa presenza e a vosa paciencia, levantamos a sesión. Moitas grazas.

Non habendo máis intervencións por parte dos Concelleiros, nin por parte do público asistente, levántase a sesión ás vinte e dúas horas e vinte e dous minutos.

A Estrada, 7 de xuño de 2012

SECRETARIO
Asdo.: José Naveira González

